



Kata de Poesía Hilmarola

MULLERES GALEGAS
NO 83




festa da palabra silenciada

fíxose coa colaboración de:

M^a Xosé Queizán
Teresa Barro
Margarita Ledo Andión
M^a Xosé Porteiro
Natalia Lamas
M^a Cristina Hermo
M^a Camino Noia
Carmen Blanco
Irene Pérez Pintos
Carmen Taboada Pérez
Carmen G. Seixas
M^a Celia G. Seixas
Ana Vila Montero
Isabel Mouriz
Celia Miralles
Carmen Parada
Maite Rabanal
Xoana Torres
Luz Pozo Garza
Rosa Cameselle
Carmen Rábade
Ana Romaní
Pilar Pallarés
Helena de Carlos
Cristal
Dolores R. Seoane
Margot Chamorro
Carys Evans
Sabela Alvarez Núñez

Coordinadoras:
M^a Xosé Queizán e Isabel Mouriz
Maquetadora:
Margarita Ledo Andión
Imprimiu:
Artes Gráficas Galicia, S.A.

Depósito Legal VG-241-1983



festa da palabra silenciada

INTRODUCCION

A palabra e a escrita foron desde sempre elementos de poder, úteis de marxinación. O don da palabra foi utilizado como arma diferencial e a voz das mulleres foi negada e silenciada ao longo dunha historia masculina.

Para nós é unha festa celebrar o día das letras galegas espallando as nosas palabras, hoxe recuperadas, incidindo no mundo da cultura. Pero non nunha cultura con maiúscula, patrimonio de poucas, nun mundo que nos desprestixia e denigra nun mundo que nos reserva os peores traballos e os mais denigrantes roles nun mundo que nos anula e nos pecha.

Desexamos unha cultura
que nos abra novos mences
que nos permita desenvolver a propia creatividade
que nos facilite a identidade e o coñecimento de nós mesmas
que nos axude a saír da alienación secular
que nos libere do autoodio e da marxinación
que recompoña o noso pasado omitido e afogado.

Para abrir-nos a un futuro
onde o progreso non signifique destrución, desastres e guerras
onde a riqueza non estexa baseada na explotación
onde Galiza sexa tan independente e insumisa coma nós.

Mª Xosé Queizán



a muller na era de acuário

No folclore masculinista as mulleres aparecen como bruxas ou meigas, sobre todo no máis moderno de Galiza (antes había fadas e damas); nunca como ocultistas sérias. A imaxe da bruxa, feia, vella sen dentes e subida nunha basoira — tan semellante á imaxe da feminista —, ou a da meiga como unha cazoleita-cociñeira curandeira de pouco pelo, van ben doa idea de que nen para iso valem, porque ¿será casualidade? o meigo ten moitísimo máis poder que a meiga, e o bruxo (atractivo, misterioso e “sexy”) moito máis que a bruxa.

A muller, cando menos na historia sabida (pode que na non sabida fose diferente) nunca penetrou na rama oculta do saber, tal vez por ir ese saber vinculado tradicionalmente ao sacerdócio e a medicina. A muller non foi alquimista, astróloga-astrónoma ou numeróloga. Cartuxeira todo o máis (arte que se chama O Tarot cando a practica un home). A astroloxía foi reducto pechado ao longo dos séculos, oficio de home, polo menos até que despuntou a primeira astróloga famosa, unha americana, aló a comezos do século vinte, e aínda hoxe, que hai mulleres que a estudan e practican, sigue básicamente en mans masculinas, ou en mans de mulleres masculinistas, que ven sendo a mesma cousa.

Sendo a astroloxía unha arte de interpretación é lóxico que, ao estar collida por homes, estes non sintan gran entusiasmo por interpretar algunhas das características do futuro da humanidade tal como se poden albiscar a través dos astros; así nas revistas veñen ás veces artigos sobre “A Era de Acuário” e neles rara vez ou nunca se fala do que ten que ser evidente para calquer astrólogo, que é que a nova Era será totalmente feminista.

Unha das bases da astroloxía é o estudo dos ciclos cósmicos. As “Eras” son grandes ciclos, basados astronómicamente na precesión do equinócio, que duran aproximadamente dous mil anos. Estamos agora na Era de Piscis, que comezou arredor do ano cero e que está rematando. Non se sabe a data exacta do comezo da nova Era, e cada astrólogo ten unha teoría favorita sobre o asunto. Posibelmente todo o que veña a partir do ano 1984, que sabemos que é un ano clave no que rematarán e empezarán moitas cousas, será xa o comezo da nova Era ou unha preparación para ela.

A Era de Acuário terá, lóxicamente, as características do signo Acuário e do planeta que goberna este signo, que é Urano, con Saturno de co-rexente. Urano-Acuário favorecen ou despertan enerxías relacionadas coa política, fraternidade humana, vida comunitaria, federacións, socialismo, individualismo, rebeldía, independencia, inconformismo. Algunhas poden parecer contraditorias entre si; Acuário é o signo da contradición, cando menos aparente. Sexualmente, Urano-Acuário favorece tendencias bisexuais, homosexuais ou máis ben neutralidade sexual (dise que Urano non distingue moito entre home e muller), aínda que produce tamén unha forte fascinación romántico-heróica entre os sexos e, máis que nada, amizade amorosa (mais isto tería que ser tema de outro artigo, que ben o merece). A enerxía Urano-Acuário non favorece o xuvenilismo, e de seguro que traerá o entendimento, aproveitamento e goce da maturidade e da terceira idade, o que é ben importante para as mulleres.

Todo astrólogo sabe que a enerxía uraniana está enormemente relacionada co feminismo: un Urano prominente nun horóscopo feminino indica case sempre unha feminista ou cando menos unha rebelde. Características da enerxía uraniana son tamén o humanitarismo, a organización en grupos e a devoción á amizade.

O futuro, pois, parecería apuntar ao trunfo irrevocábel do feminismo. Moito do que xa hai no movemento feminista — a organización en grupos ou colectivos, o acento na amizade, etc — continuará probabelmente na nova Era. A diferenza máis notábel virá da substitución do emocionalismo sentimental, confusión e espírito de sacrificio propios de Piscis polo extraordinario dinamismo, lucidez mental, voluntarismo e independencia propios da enerxía acuariana.

A mudanza radical que traerá a Era de Acuário é difícil de imaxinar, por ser de signo contráio ao que estamos vivindo, mais de certo que responderá ás características xerais do signo e planeta. Humanitarismo, paixón intelectual, independencia e feminismo serán forzas que, en lugar de ficar isoladas e excepcionais, como agora, estarán na base mesma da reorganización da humanidade e dese mundo novo que vai comezar axiña.

Teresa Barro.

Cando tirei esta foto, nunha parroquia de Vilalba e nas eleccións xerais do 79, nada me chamou a atención agás sentir que nela íase conxugar o *azar obxectivo*. Esta foto, na súa denotación dos dous elementos que diseñan o agro galego tería unha codificación doada pra a súa lectura como documento político.

Cando após, vin esta foto abraieime. Reproducíanse nela as concepcións populares da expresión pola imaxe, era unha foto como as do retratista Chicharro que analizou Carlos Maside, unha foto con disposición frontal, sen pose e sen acenos naturalistas (burgueses), simétrica, unha foto hierática, creando unha liña de saída cara outras lecturas.

É evidente que eu enfoquei á muller e que a muller sentiuse enfocada por min, quixo ser enfocada por min pra unha foto de prensa que, case con toda seguridade, ela non miraría publicada. ¿Por qué quixo, pois, fixar a súa imaxe?

Poderíamos falar da relación foto-espectáculo, do seu vencello co mítico, co retorno da morte. Pero interesanos falar de outro aspecto, interesanos a actitude libre da muller da foto como unha mostra de acción e de independencia personal, sobrepasando a opinión de que a imaxe é privada, xugando dentro da nosa reserva de signos co seu dereito a gustarlle ó contrario.

Esta foto, tamén, non cabería en ningún periódico de Galicia porque nin fala dun persoeiro (no momento de depositar o seu voto), nin se pode facer con ela localismo, nin serve pra agasallar a unha institución. Pero como eu, naquel tempo, dirixía un periódico semanal progresista, esta foto foi portada pra o número "especial eleccións" e pra restituirlle á foto de prensa o seu papel com elemento informativo maior.

No neo-realismo desta imaxe fotográfica había unha lectura directa, doada e diferente.

Margarita Ledo Andión.




a muller e os medios de comunicación

Ó falarmos xenéricamente da presenza e función real das mulleres nos medios de comunicación social que existen en Galicia, teremos por forza de nos remitir ao dado obxectivo da súa recente incorporación ao labor xornalístico. Non acontece así no caso do traballo de "locución" nas emisoras de radio, que ven sendo desenvolvido preferentemente por mulleres, dende a implantación destes medios no noso país, seguindo a tónica dominante do resto do Estado, e diría que tamén, lóxicamente, no resto do mundo.

Así pois, queda feita a distinción entre o traballo informativo e o traballo de lectura de textos escritos por segundas persoas, ou como moito, de presentación de discos e concursos, amais da grabación de cuñas publicitarias. Este distinción é importante porque hai unha relación fundamental cando se analiza o rol "activo" no caso da información, e o "pasivo" no da locución. Non é, xa que logo, gratuito, que a muller accedera primeiramente a esta segunda función pois a sociedade acepta mellor esa condición reducida a ser unha "voz", a ser posibel fermosa, que non precisa dun soporte intelectual, senón dunha boa vocalización —por suposto do español e sen albiscar o mais íntimo residuo de galegitude—, e unha certa soltura na lectura. A locutora, pois, é unha figura común dende hai tempo nos medios radiofónicos que se incorporou tamén axiña á televisión, dentro do mesmo tipo de traballo de "busto-parlante".

A xornalista, en troques, é un fenómeno relativamente novo. Pódese dicir que é de dez anos a esta parte cando xorden un feixe de mulleres que se van incorporando, pouco a pouco, á prensa, e mais serodiamente, á radio. A falla en Galicia dunha Facultade de Ciencias da Información que obriga a quen quere cursar os estudos de xornalismo a desplazarse a Madrid, Barcelona, Bilbao ou Pamplona, pode ser un dos motivos polos que a universitaria galega non se decantou mais frecuentemente por esta carreira á cal, no resto do Estado, se incorporaron un grande número de mulleres na última década. Por outra banda, o cativo mercado de traballo é, sen dúbida, un factor que poido desanimar tamén algunha vocación anunciada.

Dentro desta situación de inferioridade numérica que estamos a salienta, a muller xornalista hoxe, ten que superar numerosos atrancos á hora de desenvolver o seu traballo, sobre todo, tendo en conta que o mundo da noticia está protagonizado case exclusivamente, por homes que se convirten no único interlocutor posibel. Un traballo eminentemente masculinizado polo mito que o arrodeou dende o cine, a literatura, e dende a propia mistificación da "imprensa" como cuarto



poder —falacia doadamente demostrabel con soio reparar nos craros intereses aos que serve cada empresa xornalística—, semella ter alonxado á muller dunha capacitación e capacidade idóneas para o seu exercicio. Non é preciso crarexar que a realidade na práctica evidencia o contrario, pero é un tópico que existe e, de algunha maneira, tamén condiciona.

Sería preciso facer unha análise miúda de cada xornal ou emisora de radio, e mesmo da TVG, para coñecermos o número de mulleres que hai neles e a función que desempeñan, mais sen tempo nin espacio dabondo para realizar ese traballo, podemos asegurar que en nengún caso unha muller ocupa un posto de responsabilidades no "staff" directivo de calquera deles⁽¹⁾. E falo de posto no sentido profesional, non como algo herdado do vencello familiar cos propietarios do medio. Se cadra, as mulleres que hoxe traballan nestas empresas non tiveron tempo aínda de acadar esa situación, precisamente pola súa recente incorporación á profesión, aínda que esta sería a lectura mais benigna. A interpretación mais realista incide na discriminación xeral que se da na sociedade para a muller en calquera eido laboral, e certamente, con isto, non estamos a descubrir ren novo.

M. X. Porteiro.

(1) Agás Margarita Ledo que foi durante algún tempo directora do Semanario "A Nosa Terra".

o andar musical galego

—Por Natalia Lamas.—

Teño para min moi claro que Galiza posui o folclore mais rico e variado da Península. O material recollido e —en boa parte, ao menos— fixado, permite soste con base a afirmación. Con identico convencimento patente pode agregarse que quizá en parte algunha un tesouro semellante teña merecido menos atención e cultivo. E aínda segue outra nota negativa paralela: as posibilidades melódicas, rítmicas e multiformes da música galega, concretamente, apenas tiveron adecuada utilización a través da reelaboración artística e posta ao día. Hai é verdade, músicos notábeis e algunhas obras meritísimas, pero en extensión limitadas. En Galiza, en xeral, o músico e casi un marxinado e, polo demais, nada se fai para difundir a educación e o gosto pola música. Aí están, como proba os nosos raquiticos conservatorios que contan, pola contra, con multitudinario alunado.

Na Galiza canta-se e baila-se segundo tradición que se deriva de tempos remotos. A xente galega, aínda que outra cousa diga o tópico que se nos aplica, non é triste; é lírica. Nos seus mais intimos recantos subxace unha poesía esencial; vivencial, porén. A música popular mana de aí.

Algunos autores sosteñen que a orixe das nosas creacións e danzas colectivas hai que situá-lo ao redor das xuntanzas por Prisciliano suscitadas, o primeiro e mais notábel dos heterodoxos do país. Hai constancia, por suposto, de que depuradas do paganismo, axiña irrumpiron na liturxia eclesial, aínda que non son protestas nen resistencias que parecen bordear a excomunión. San Martín de Braga, no século IV, fala con desaprobación dos cánticos. Recordese que a maxia foi a acusación decisiva contra Prisciliano. Un concilio celebrado en Lugo no ano 571, pronunciouse contra o uso da mística de carácter popular.

Coñecidos son os logros posteriores e xa de distinto sesgo. Por exemplo as cantigas de amigo de Martín Códax, no século XIII, descubertas casualmente en 1914 por Pedro Vindel, que son o documento mais antigo da música galega. Codax, como os demais trovadores da época, integraba elementos populares, estilizados, sin dúbida, para

chegar a públicos mais extensos. Así, Galiza conserva nos cancioneros creación da lírica popular que, ao correr o tempo, decantáranse en alboradas, alalá, foliadas, cantares de pandeiro, moiñeiras, aninovos, maíos, vilancicos, regueifas, etc...

A alborada, que xa raramente se ouve, é un canto ao hino ao sol que nace; melancólico e solene, que enche os nosos menceses campestres de notas de inegábel resonancia. Diversifica a súa pura melodía en pases de demorada extensión ou apresúrase en ritmos vivos até resolverse en cadencia dilatada e vaga, como tenue suspiro. O alalá, de timbre claro, detido, exento de calquer embate brusco, que hai que escoitar cando rompe o silencio do campo, na soedade do solpor, para captar a súa grandiosidade telúrica e impresionante beleza. O cantar do pandeiro, con gaitas e cunchas, a miúdo polirrítmico denotativo de antigas orixes.

Todo este acervo está en trance irremisíbel de perda nas súas mais vivas manifestacións. Onde queda, por outra parte, o prodixio andadeiro de camiños que recorria os campos recitando vellos romances ou improvisando finezas á beleza das mozas? Versificación de vellas historias e miragres, de tradicións popularizadas en torno ao Apóstolo Santiago, aínda se ouvían non hai moito tempo ás portas da basilica compostelá.

Entre as danzas hai que antepor a moiñeira trezado contraste de medida e vista baixa da muller coa axilidade viril e travesa da parella. Emilia Pardo Bazán calificaba a moiñeira como baile virxiliano, pero xa se laiaba de ausencias agora definitivas. "Ay! —decía— a moiñeira ya no se baila en Galicia, va siendo una curiosidad, una rareza, un objeto arqueológico".

Galiza está, xa queda dito, na súa música, nas súas cancións e danzas, na súa lírica peculiarísima, expresión irrenunciábel dunha terra e das súas xentes. E todo iso en risco de rememoración arqueolóxica, como anticipaba a Pardo Bazán, como consecuencia da desatención, a incuria a asimilación indiscriminada de ritmos extraños elementais, en brutal ruptura cos propios valores. Asistimos —coa aberta complacencia dos mais irresponsábeis— a un proceso xa non de mestizaxe senón de demencial dilapidación. A andadura da música galega pode encontrarse, pois, nos seus confins.

Hai que dar nota positiva a unhas cantas agrupacións do país que, entre grandes dificultades e nutridas, ás veces, —todo hai que deci-lo— por arranxos chapuceiros e anacrónicos, perfectamente rexeitábeis, cultivan a música e a danza popular. E tamén as contadas individualidades que buscan inspiración ou modelo no ámbito do propio, que non está vedado á incursión da novidade e o experimento, dacordo coas últimas correntes musicais.



safo de lesbos: a décima musa

*Qui des Dieux osera, Lesbos, être ton juge
Et condamner ton front pâli dans les travaux,
Si ses balances d'or n'ont pesé le déluge
De larmes qu'a la mer ont versé tes ruisseaux?
Qui des Dieux osera, Lesbos, être ton juge?
Que nous veulent les lois du juste et de l'injuste?
Vierges au coeur sublime, honneur de l'Archipel,
Votre religion comme une autre est auguste,
Et l'amour se rira de l'Enfer et du Ciel.
Que nous veulent les lois du juste et de l'injuste?*


(Las fleurs du mal, BAUDELAIRE)

Safo naceu polo ano 635 a.c. en Éreso, cidade da illa de Lesbos. Foron os seus pais Escamandrónimo e Cleis, ambos de familia noble. Casou e tivo unha filla de nome Cleis. Do seu marido non sabemos o nome. A vida de Safo transcurriu nunha época de grande violencia política e ela mesma estivo algún tempo exiliada en Sicilia.

A pesar de que pola súa orixe e nacemento estaba moi comprometida nestes disturbios, non hai na súa poesía ningún indicio deles. Namentras o seu compatriota, o poeta Alceo, que tomou parte nestas loitas, expresou na súa poesía a súa amargura, a súa impotencia, a súa esperanza e os seus triunfos, Safo permaneceu indiferente a todo iso. O seu mundo non foi o daqueles homes. A súa loita e sufrimentos foron doutra índole.

Naqueis tempos había en Lesbos unha cultura feminina moi desenrolada. As mozas da nobreza vivían en asociacións chamadas "THIASOI" custodiadas por mulleres experimentadas que as preparaban para o matrimonio. Apartadas dos homes daban culto a Afrodita, deusa dadora do amor e de todo o que é digno de ser amado. Tamén recibían diversas ensinanzas que as preparaban para o matrimonio e a maternidade e todo o que se refería á bon gusto e decoro.

Este foi o mundo de Safo e nel compuxo versos para seren cantados nas rondas, ante o altar da deusa, nas comidas da comunidade, en festíns e bodas. Así o mundo de Afrodita transformou-se en poesía tal como a entendían os gregos: un reflexo da realidade no espello da alma. Pero a deusa entrou aínda máis nela e fíxo-a participe dos seus sufrimentos. Safo amou as mozas ás que ensinaba: Atthis, Anatoria, Dira... cunha fonda ternura e emoción, pero tamén con grande insatisfacción porque estas mozas chegaron e foron-se deixando nun círculo doroso de encanto, de saudade, de amargura pola separación. Este círculo é o da pasión, rexido por Eros. O desexo golpea e Safo acusa os golpes. En ningún momento da súa poesía describe mellor os efectos do desexo, os seus efectos físicos que no poema seguinte:



*"Pareceme igual aos deuses aquel varón que está
sentado fronte a tí e ao teu lado escoita-te mentras lle
falas docemente.*

*E mentras ris con amor. Iso en verdade fixo
desmaiarse o meu corazón dentro do peito; pois si
te miro un punto, miña voz non me obedece,
miña lingua queda rota, un suave fogo corre
baixo a miña piel, nada vexo cos ollos, zumban-me
os ouvidos*

*.....brota de min o suor, un tremor apodera-se de
min toda, palida cal a erba quedo-me e a punto
de morrer vexo-me a min mesma"*

(v. 31) (I)

Todo o que Safo sabe do seu amor é a tempestade cegadora e ensordecedora que se desencadena no seu corpo. Até o momento Eros non ardera nunca, caldeara os sentidos, entibiara o corazón, levara á sacrificio, á voluptuosidade, á ternura, ao leito.

Non ardera nen destruíra nunca. A cada un dos seres que habitou deulles algo: coraxe, placer, dozura de saudade. Unicamente a Safo non lle da

nada. Quitalle todo. A experiencia que Safo tiña do amor é a dun temporal que a deixa caída, xacente.

".....¡Eros sacudiu os meus sentidos como o vento que nos montes abatiuse sobre os sobreiros" (v. 47) (I)

a dunha forza contra a que non hai defensa posibel:

"De novo Eros que desata os membros fai-me estremecer, esa pequebesta doce e amarga contra a que non hai quen se defenda" (v. 130) (I)

Agora ben, ¿cal é o obxecto da pasión de Safo?. Non se trata de apreciar o nome ou o sexo dese obxecto.

O que ela nos confía*, o que as veces coñece-se so por algunha terminación xenérica, non hai ningunha necesidade de rastrea-lo mais alá do texto. O importante é ¿Que ten ese ouxeto para solicitar a paixon?

".....escoítate mentras lle falas docemente e mentras ris con amor. Iso en verdade fixo desmaiarse o meu corazón dentro do peito....."

Nada mais e nada menos. Basta un son para encender corpo e alma...

"pues si te miro un ponto..." Hai un contraste entre a cousa e o efecto: o ser que se ama so se coñece o aspecto peculiar da voz e o riso. Pero un so deses pequenos rasgos é suficiente para turbar todo o ser.

"Atthis, enamorei-me de ti fai xa moito tempo via-te como unha nena baixiña e sen gracia" (v. 29) (I)

A paixón e a poesía de Safo responden a motivacións velaiñas. Pero non hai nada como a

ausencia para aumentar o poder da persoa amada sobre a alma de Safo:

E xunto a todo isto a natureza está en todas as partes, unha natureza despoboadada de figuras míticas, cargada de presencias cordiais, sensibeis a suas sensacións. Vela na noite, a sos coa sua paixón: puxose a lua e as Pléiades: *"é a media noite: pasa o momento e eu durmo so"* (v. 168 B) (I)

Pero isto non é exacto, con ela están a noite e os astros, e con eles evocase o amor. Natureza e amor entrecruzanse na obra da poetisa de Lesbos:

"Chegaches, fixeches ben: eu estaba-te buscando, refrescaches os meus sentidos que ardían de saudade". (v. 48)

Ouvimos a voz de Safo tan clara como nunca, desde a extinción da Antigüedad. O seu amor manifestase ante nós nunha presenza tan pura e vigorosa que exclue calquer outro pensamento. Servindo a unha deidade que tamén era muller, viviu o seu amor e cantou as suas cancións. Fixo-o como filla dun pobo que otorgaba mais importancia ao home apartándose tanto da sumisión da muller como do desexo feminino de dominar. Sentou o dereito da muller a participar na vida auténtica deste mundo. Na sua poesía inmortal o humán realizouse no feminino.

(I) Lirica griega arcaica (Poemas corales e monódicos, 700-300 a.c.) traducción F. Rodriguez Adrados.

M^a. Cristina Hermo.

literatura galega de mulleres

Nun pobo coas características socio-culturais e co seu reducido número de habitantes de Galicia non resulta de cultivo doado a literatura e menos a escrita por mulleres.

Se alguén se estraña de que a nómina de poetisas e narradoras galegas sexa tan escasa haberá que recordarlle o papel que xogou sempre a muller no mundo, e moi especialmente en países de economía precapitalista como era Galicia astra hai moi poucos anos.

Foi a comenzos do século XX cando a muller con moitas dificultades comenzou a ter acceso á Universidade, cando conseguiu dereito a votar, a decidir, a historia na que a muller aparece de protagonista é unha historia moi recente. E mesmo así, poucas mulleres conseguían estímulos e preparación intelectual suficiente para poder sentarse ante unhas cuartillas e conta-los seus sentimentos. A reclusión na casa, padecida pola muller a través dos séculos, minou a súa potencial capacidade de escritora. A muller viviu illada, preocupada só do seu mundo interior, dos seus

problemas particulares, e allea a todo canto se referise ó exterior.

Polo que se refire a Galicia o problema é mais grave se pensamos que o número de analfabetos astra hai vinte anos era moi extenso, a causa do elevado ingrediente de ruralismo do país. As campesiñas non tiñan necesidade de ir á escola; para os labores que se lles asignaran na súa vida, abondáballes con aprender a face-los traballos da casa.

Ademais, recollendo a idea de Virginia Woolf, ¿Cuántas mulleres galegas, ricas ou pobres, tiveron na súa xuventude un cuarto individual? Para escribir, amais de papel e lápiz, precísase soedade e un lugar privado. Pero as mulleres galegas durmen coas irmás, as tías, aboas ou irmáns pequenos, antes de dormir cos maridos. Nesta situación, carentes do que os americanos chaman "privacit^e" resulta bastante difícil escribir, abstraerse do entorno e plasmar no papel as vivencias e sentimentos. Tampouco a realidade material da muller galega propiciou a súa dedicación á



literatura, pois sempre foi económicamente dependente dos pais ou dos maridos. E sin libertade económica non pode haber libertade intelectual.

Con anterioridade ó século XX temos cinco poetisas en lingua galega e ningunha prosista. As cinco escritoras pertencían á alta burguesía, e astra houbo unha nobre no século XVI, Isabel de Castro e Andrade, Condessa de Altamira, filla dos Condes de Lemos..

¿Por que na Idade Media non houbo ningunha "trobariz" como en Occitania? ¿Por que eran os homes, trovadores, os que poñían os seus poemas en boca de mulleres? Moitos destes poetas levan nomes extraños e descoñécese a súa biografía. ¿Sería acaso que tras ese nome se agochaba unha muller? Podemos aventura-la hipótese (non é infrecuente na literatura medieval aventurar hipóteses) que o noso Mendiño, o poeta das "ondas do mar de Vigo" fose unha muller desesperada pola ausencia do seu amado, que escribe ese poema con nome descoñecido.

No século XVIII *M^a Francisca de Isla* coquetea en verso co famoso Cura de Fruime; e foi gracias a este como hoxe temos unha composición súa, porque Francisca antes de morrer mandou queimalos seus escritos.

No século XIX fan poesías en lingua galega *Rosalía de Castro*, *Filomena Dato* e *Clara Corral*, estas dúas últimas moi influenciadas pola temática folclórica da famosa escritora de Padrón. Filomena no seu libro *Follatos* comenza por unha "defensa das mulleres", un alegato pouco poético ó decir de Carballo Calero, quen en troques di de Clara Corral que foi unha das mellores poetisas galegas do século XIX.

No século XX hai que establecer dous períodos no escaso número de mulleres literatas: as que publican antes do Trinta e seis e aquelas que o fan despois da Guerra civil.

Os primeiros trinta e seis anos do século son dunha gran riqueza política e literaria, mellor diríamos social, tanto en Galicia como no resto de España. Na nosa literatura é a época dos prerenacentistas: Noriega Varela, Manuel García Barros...; dos poetas das Irmandades: Cabanillas, Taibo, *Galicia*, *A Nosa terra*, *Eco de Galicia*, *Labor Gallega*, *Solidaridad gallega*, *Galicia solidaria*.

Fúndase a Editorial Lar, a Editorial Nós, que crea tamén a revista do mesmo nome en 1920.

Pois ben, de todos estes movementos e de todas estas revistas as mulleres estiveron ausentes. Tampouco asistían ás xuntanzas literarias cos homes e menos ás políticas. A actividade literaria da Pardo Bazán só se explica no entorno dunha cidade como era Madrid a comezos de século e cun temperamento como o da escritora naturalista.

As mulleres galegas que escribiron na nosa lingua vivían á marxe da vida literaria, estaban illadas na casa. De aí, tamén a pobreza da súa temática e o retraso das súas técnicas.

Francisca Herrera Garrido (1869-1950), poetisa de influencia rosaliniana, e tamén a primeira narradora en galego, que publica unha novela longa, *Néveda*, en 1920 e dúas curtas, *Martes de antroido* (1925) e *A ialma de Mingos*. Esta muller que pertencía á alta burguesía coruñesa, non casou. Este dato biográfico insignificante resulta decisivo para comprende-lo feito de que unha muller tan conservadora como Herrera chegara a escribir.

Os personaxes femeninos desta escritora, que son sempre os protagonistas das súas obras, tanto en prosa como en verso, actúan cuns principios desfásados para unha época como os comezos do século XX, principios que xa no Romantismo decimonónico comenzaran a perder validez.

As mulleres de Herrera padecen unha sobredose de domesticidade. Os seus intereses son domésticos, os seus problemas interiores: da súa alma e do seu fogar; nunca saen do reducido mundo do amor e dos sentimentos. Pero mesmo así, os fracasos e os problemas son para elas, as mulleres no mundo literario de Herrera fan o papel de vítimas inocentes e pasivas nas relacións humanas, tanto na relación da parella como na familiar cos pais e irmáns.

Como contrapunto á vida da muller, os homes das historias desta autora viven cara fóra, no mundo exterior. Teñen dereitos e deberes que cumprir no seu traballo, nas relacións cos compañeiros de oficio, que son máis importantes cós da casa, e por eles sacrifica á muller.

Na *Historia da literatura galega* de Carballo Calero cóntase unha anécdota moi elocuente sobre o mundo da muller escritora de comezos de século. Xana Teresa Juega López ía publicar un libro de poemas en lingua galega, pero ó enteirarse

o seu mozo, un oficial do exército, pegoulle un tiro. Non a matou e o bo do militar acabou suicidándose.

Herminia Fariña e Cobián, compostelana de nacemento, escribiu un libro de poemas modernistas, *Seara*, e dúas pezas de teatro, que se representaron no seu tempo.



Carme Prieto Rouco, incluída por Carballo Calero na xeneración dos postrenacentistas xunto a Noriega Varela, fai poesías de tinte rosaliano.

Despois da Guerra Civil non hai produción literaria en galego astra 1950. As primeiras escritoras desta época foron *Pura Vázquez*, quen xunto á súa irmá Dora, escribe poemas en castelán e máis en galego. Xuntas publican un libro de versos para nenos, *Oriolos Neneiros*, en 1975 e *Dúas novelas Galegas* en 1978. Dora Vázquez xa en 1971 publicara outra novela, *Bergantiñá*, *Tres cadros de Teatro Galego* en 1973 e varios contos para nenos. A literatura das irmás Vázquez está chea de elementos románticos, con matices costumistas e ambientada na paisaxe interior ourensana.

Luz Pozo Garza (Ribadeo 1922) publica dende moi nova poesías no xornal da súa vila natal. Ten varios libros de poemas galegos *Ánfora*, *O paxaro na boca*, *Tempo de ausencia* e *Concertos de outono*, que aparece en 1982. Actualmente dirixe a revista de poesía *Nordés*, onde leva xa publicadas moitas poesías.

María Mariño Carou (noia 1918, Courel 1967) é a poetisa do Courel, paisaxe e costumes que canta no

seu libro publicado en 1963 *Palabra no tempo*. Deixa inéditos varios poemas que van aparecer no libro *Verba que comenza*.

Xohana Torres entra no mundo literario en 1955 cando a Asociación da prensa de Vigo lle concede o primeiro premio de poesía. En 1957 aparece o seu primeiro libro de versos, *Do sulco*. En 1965 e 1968 publica dúas obras de teatro e en 1972 leva o Premio Galicia coa novela *Adios María*, unha novela que rompe coas técnicas narrativas tradicionais e introduce as novas concepcións da novela hispanoamericana: non hai un argumento lineal, os monólogos interiores encadean novas accións que aparecen mesturadas cos feitos argumentais. Ó mesmo tempo, Xohana quere facer literatura de denuncia ó expoñer un feito real que sucedeu en Vigo no ano sesenta e nove: a desaparición dos tranvías, que trouxo problemas de paro, e provocou, nalgúns casos, a emigración, cos conseguintes problemas sociais e familiares que este feito ocasiona.

En 1980 sae un libro seu de poemas, *Estacións ao mar*.

Mª Xosé Queizán, que é hoxe unha militante feminista, fai xa dende moi nova artigos sobre a muller no xornal vigués *El Pueblo Gallego*. En 1965 publica unha novela, *A orella no buraco*, que se inscribe dentro do movemento literario da Nova Narrativa Galega, que comenza en Galicia en 1957, polas novas técnicas obxectualistas que utiliza; na novela non hai argumento, é un pasar lento dun vagabundo por unha gran cidade e os monólogos que se lle van ocorrido, a través dos cales chegamos a ter algúns datos da súa biografía. Ademais de algúns contos e algúns artigos en revistas, escribe dous longos ensaios feministas: *A muller en Galiza* en 1977 e *Recuperemos as mans* en 1980, nos que plantea a necesidade de construír un novo mundo de mulleres no que haxa unha revalorización do traballo material.

Anxeles Penas, algo máis nova cás escritoras anteriores, escribe poesías en galego publicadas en *Grial*, *Nordés* e *Atenea* (da Universidade de Puerto Rico) e máis en castelán.

Margarita Ledo Andión é unha xornalista que escribe poesía e narracións.

Entre as galegas de adopción temos que contar tamén coas obras de *Anne Mª Morris*, unha americana, que en 1971 publica un libro de poemas en galego. *Ursula Heinz* que saca en 1982 unha novela, *Elvira*.

A partires dos anos 80 hai un xermolar da poesía entre as novas xeneracións das que non están ausentes as mulleres. Pertenecen a esta nova andaina: *Ana Romaní*, *Xela Arias*, *Cristal Méndez*, *Helena de Carlos...* que publican os seus poemas na revista de poesía *Dorna*.

Mª. Camino Noia.

o ensaio feminista galego

O ensaio feminista iniciouse en Galicia con relativo retraso xa que até finais dos anos setenta non aparecen os primeiros artigos e até 1977 non se publica a obra que propiamente inicia o xénero: *A muller en Galicia* de María Xosé Queizán.

Deixando a un lado as tradicionais correntes "pro" e "anti" femeninas que en torno ao problema da muller se veñen desenvolvendo xa desde a antigüidade, pode resultar clarificador facer unha cala nas manifestacións galegas que sobre dito problema tiveron lugar nos dous momentos álxidos do movemento feminista: o sufraxismo de preguerra e o feminismo de postguerra.

As primeiras reivindicacións dos dereitos da muller feitas polas sufraxistas tiveron un impacto mínimo en Galicia — como no resto do estado español en xeral —, pese á existencia na realidade do país e máis no galeguismo dunha certa presenza dos ideais de igualitarismo entre os sexos. Como mostra da pouca acollida que este primeiro feminismo tivo na cultura galega está o feito de que practicamente o único texto que podemos atopar sobre o tema sexa un claro alegato antisufraxista. Trátase do ensaio da poeta e novelista Francisca Herrera Garrido escrito en 1916 e refundido en 1924, data na que apareceu na revista "Nós" baixo o título "A muller galega". Dito ensaio ten a importancia histórica de ser o primeiro achegamento á muller galega feito por unha protagonista.

O traballo insértase na chamada liña "profemenina" do cristianismo, ensalzando o modelo da muller-virxe e a muller-nai coas súas virtudes de caridade, compasión e amor aos demais e de sacrificio polos fillos e o home. Nete mesmo sentido defende a tradicional distinción de papeis sexuais, afirmándose na desigualdade de dereitos contra a que combaten as sufraxistas: "sabencia de muller! non degares por abater ó home do seu altar natural". En suma, a descripción que fai da muller da clase media e da muller do campo segue estes principios ideolóxicos e reivindica a imaxe femenina galega dada por figuras como Pérez Lugín, Sotomayor, Noriega Varela, Cabanillas, Rosalía e Curros.

Non podemos decir, pois, que o ensaio de Francisca Herrera sexa feminista, senón, pola contra, antifeminista, chegando mesmo á tónica ridiculización das sufraxistas. Compre esperar até fins dos anos setenta para que María Xosé Queizán nos presente en *A muller en Galicia* o primeiro ensaio feminista galego. Frente ao tradicionalismo retrógrado do traballo devandito, a análise feita por *A muller en Galicia* sitúase nos presupostos do feminismo máis novo do momento e nunha das

súas liñas máis radicais: o denominado feminismo da diferenza. Seguindo esta corrente de pensamento a obra fai unha análise da situación da muller galega tendo en conta os presupostos metodolóxicos e as aportacións teóricas do marxismo, o nacionalismo e o estruturalismo. Así, o traballo é ao mesmo tempo unha introdución básica ás características específicas da muller en Galicia e un punto de arranque para unha posíbel polémica.

Dentro destes mesmos presupostos do feminismo da diferenza, do nacionalismo e do marxismo a mesma autora publica en 1980 o conxunto de ensaios *Recuperemos as mans*. Agora o obxectivo da análise amplíase da muller galega ao xénero feminino en xeral, tentando desfíar o complexo tecido da explotación que padece a muller na sociedade actual. Tamén se amplían as bases teóricas dando entrada ao ecoloxismo e conformando así unha obra que sitúa ao pensamento feminista galego na vangardía das ideoloxías contemporáneas.

A outra aportación do feminismo de postguerra é a feita por Teresa Barro nas súas *Cartas a Rosalía* (1981). Este conxunto de ensaios en estilo epistolar ten como eixo literario a figura de Rosalía de Castro. A reivindicación feminista desta destacábel escritora contrasta coa reivindicación que dela mesma facía Francisca Herrera para o tradicionalismo antifeminista e pon de releve, por unha banda, a ambigüidade de Rosalía con respecto ao problema feminino e, por outra, até que puntos tan dispares poden chegar as posíbeis interpretacións e exéxeses de figuras que adquiriron o rango de mitos.

Cartas a Rosalía entronca tamén co ensaio de Francisca Herrera pola base cristiana que os sustenta a ambos, aínda que o cristianismo de Teresa Barro esteña nas antípodas do de "A muller galega" ao situarse nunha corrente progresista, humanista e heterodoxa.

Pero Teresa Barro tenta conxugar estes presupostos cristianos cos do feminismo radical da diferenza, colocándose así nunha terceira vía ecléctica con certos puntos de contacto coa postura revolucionaria de María Xosé Queizán.

En resumen, estas tres calas no ensaio de temática feminista presentan como característica común a reivindicación do fenómeno diferencial, ben sexa en pro do antisufraxismo como no caso de Francisca Herrera, ben na liña do radicalismo materialista como ocorre con María Xosé Queizán, ou ben en nome dun radicalismo espiritualista como fai Teresa Barro.

Carmen Blanco.



Como a devesa follosa

.....

 esperando os doces aires
 que a veñan estremecer

.....

 tal a doce rapariga,
 que a lunazón primeira non conoció tal vez,...

ou

Ten o seu punto
 a fresca rosa
 de ser collida,...

Tamén na natureza se inscribe a relación entre home-muller, e mesmo a violencia exercida por aquel sobre esta enos presentada como un feito "natural":

Non solta nunca o raposo
 a galiña que pillóu;
 hastra zugarlle o mel todo
 non solta a fror o abellón,
 nin a branca e doce pomba
 larga o montesío azor.

e

Non foxe a vaga poldra,

 do seu doce amador; ...

1.-Centrándonos nos poemas que falan da muller

pondal e a muller

Fálase sempre da presenza do masculino na obra de Pondal coma se o feminino estivese ausente, porén son moi numerosos os poemas que xiran arredor da figura feminina. Cicais ámbalas ideas non sexan contradictorias, pois anque existen abondosos poemas que falan da muller, esta non ten un papel en sí mesma. Non existe mais que idealizada na mente do Bardo ou como un feito de natureza do que o home se apropia. A muller, pois, non se realiza na poesía pondaliana, o que encaixa ca ética viril e ca masculinidade radical da súa poética.

Aparez somente marxinal a acción do home.

Esta ausencia de realización da muller poderíamos relacionala con outra constante na obra de Pondal: a inexistencia dun presente patrio, pois a patria só existe cantada polo Bardo e a misión histórica deste fica confinada ó canto.

A falla dun tempo presente ponnos en contacto con outro elemento clave na obra do de Ponteceso que é a presenza moi real, en troques, que ten a natureza. Unha natureza que en moitas ocasións cobra vida (animación implícita na chea de apóstrofes que hai ó longo da obra e explícita outras veces "Das africanas praias veciñas"⁽¹⁾, "De Camelle os baixos son", etc., agreste e dura coma os guerreiros "Os pinos", "Polo baixo cantando", ou pasiva como o papel que asigna Pondal á muller:

atopamos na obra de Pondal dous enfoques só aparentemente antagónicos:

1.1.-Por unha banda achamos á muller ideal recuperada polos románticos da que xa falaran os trovadores medievais e mais tarde os poetas renacentistas.

Esta muller é mais branca ca neve, mais vaporosa que unha nube, feiticeira como un bebedizo e vida e morte do trovador. O autor sinte, xa que logo, adoración por ela e fica cativa do seu amor. Ela é a súa "doce enemiga" e como os trovadores da E. Media o poeta oculta o seu nome:

—O seu nome
 non o dirés, eso non.

En ocasións, como unha nova virtude, a muller sigue fielmente ó poeta:

Aquela miña leda compañeira,
 presurosa e lanzal;
 aquela doce meiga,
 graciosa e sin par,
 que sempre me seguía
 pola agreste soedá;
 que se eu corría, corría,
 que se eu paraba de andar
 tamén ela paraba
 o seu paso fugaz:...

Son ideais tamén os retratos das virxes guerreiras como Maroñas, das fadas ou das



doncelas cazadoras como Baltar que engaden á beleza e donosura das anteriores atributos como a valentía ou a forza que deben adornar ó guerreiro.

1.2.-Se o enfoque anterior era herdeiro dunha tradición literaria este tampouco é novo. Xa o temos visto no Arcipreste de Talavera e mais tarde en Quevedo, por citar só os exemplos mais coñecidos: A muller é un atranco para o home ó que engaiola cos seus enfeites. Os seus voluptuosos faralae e brancas faldras son baixos e puntas onde naufragan moitas armadas e cadeas onde acaban moitas esperanzas. Estas redes son tendidas pola muller conscientemente:

Mais logo se descobre
voso malino enredo.
¿Qué están decindo, ingratas,
vosos ollos serenos?
¿Qué están decindo, pérfidas,
vosos lixeiros velos,
as transparentes gasas
e os encaixes vellos?...

ou

Mais cando apenas
mostra as súas follas,
está decindo:
—Agora, agora...

Na canteira das cualidades femininas exposta na obra de Pondal destaca a hipocresía que se manifesta sobretudo na relación amorosa: A muller minte cando rexeita ó home:

Decí: de quen salió
o inconto humano xénero,
.....
.....
¡E querés que vos crean
cando decís non quero!...

ou

xa non de aquí en diante,
xa non, léveme o demo,
de todo nin migalla
o que decís non creo.

porque

Porque ¿Quén fará caso
do caprichoso vento,
e das livianas follas
ó que din dera creto?...

Para Pondal o home é o usuario natural da muller que está posta na natureza para o seu disfrute. Non hai pois razón para que esta se negue a ser a súa presa:

Chégase o doce figo
polo seu tempo bóo,
baixo a materna folla
de prácido verdor,
e daquel que ten fame
en fuxir non pensóu,

e ben furtarse deixa
do natural ladrón:
a mazán no seu árbore
soña cun furtador:
non fuxas, rapaceta,
tenros abrazos, non;
non negues de natura
o que, pra darse, dou;
non evites esquiva
as doces leis de amor:

A premisa do plantexamento devandito seguida da que defende a provocación e a hipocresía na muller, lévannos nun siloxismo a concluir na violación, que está "naturalmente" presente na poesía do autor de Ponteceso:

Pilléina antre os pinos soa,
alba de medo tornóu;
quixo fuxir, mais non puido,
(que sabe qué peixe eu son).
(Rogárame de rodillas,
de rodillas me rogóu;
tembróu como a vara verde
que estremece a virazón.

Cal quen teme ser oída,
dixo: —... Pidocho por Dios...!
—¡Estás fresca!. —lle contesto—
vente a min con oracións:...

Engañosa Morpeguite,
fada do doce mirar;
filla lixeira da brétoma,
do corpo leve e danzal;
da virazón da mañán:
lévenme os demos, se agora
me has de volver a escapar,
nin outra vez, como anguía,
tu me has de escorrer das mans.

—Mira estate quedo, Mouco,
Mouco, non me fagas mal;
se me soltas che prometo,
me obrigo de che contar
quen repousa na Arca de Ogas,
desde a nosa antiga edá;
non me prendas a faldras de brétoma,
déixame, Mouco, vagar.

—Fora lería... As tuas mentiras
cansado estóu de escuitar;
en tí curaréi á forza
as suidades daquel mal;
que deixas na alma, cando
correndo soes pasar.
Hei de fartarme de tí,
cho xuro por miña nai;
coma un oso que atopa famento
de mel un doce panal.

Esta sí que é ocasión.
Agora, léveme o demo,
non che val decir que non.

De nada che val chorar.
e desamparada e soa
esta gandra de Gundar.

Abonda xa de oración.
Porque de min non te libran
nin Dios nin o demo, non.

Nestes e outros poemas é patente o temor que
o autor provoca na súa presa:

Ibas gozando no meu tormento,
ibas fuxindo,
por medo a mín;...

E outras veces a tenrura disfraza a violencia:

¡Oh, quén poidera
pillarte soa,

.....
.....

cos brazos darche
mil tenras voltas;...

1.3.- Decíamos na introducción, que a muller
non tiña na obra de Pondal un papel en sí mesma,
e mantémolo. Pero ten un papel alienante, que non
é de muller senón de nai, de nai educadora,
formadora de guerreiros:

que aló nos seus garridos
xustillos, mal constreitos,
os doces e albos peitos
das fillas de Breogán;
que á nobre prole insinen
fortísimos acentos,
non mólidos concentos
que as virxes só ben están;...

e

Non cantes tan tristemente,
pobre e desolada nai;
non lle cantes cantos brandos
pra adormecer ó rapaz,

.....
.....

cántalle cantos ousados
que esforzando o peito fan”...

2.- Á visión Pondaliana da muller, podemos lle
engadir a utilización que fai en toda a súa poesía
dos atributos culturalmente masculinos ou
femeninos con claras connotacións positivas e
negativas respectivamente. Así é unha constante
nos seus versos que as características atribuídas ós
seus persoaxes homes (guerreiro, bardo, namorado)
as utilice referidas a cousas consideradas por el
mesmo como grandes, importantes, ideais, mentras
que pola contra as características femininas van
ligadas ó que carez de gloria, ó escravo, ó infame:

Non cantés cantos vils e afeminados
que os ánimos abrandan e enfraquecen,
cantade cantos férvidos e ousados
que os peitos xenerosos estremecen.

ou

mais os viriles
ritmos ousados,
que ceibaran as cordas de ferro,
¡non morrerán!...

A fama en Pondal relacionada con xestas
heroico-patrióticas, está reservada ó
comportamento masculino

¡Oh! ¡quén morrer poidera
coma o forte Leónidas,
envolto en duro ferro,

.....
.....

¡e deixar, cal cometa,
longo rastro de gloria!...

mentras que a muller, para acadala, debe renunciar
a aquilo que Pondal considera femenino e, xa que
logo, non merecedor de gloria.

No poema “Necias fillas de Hélade” a doncela
Lésbica dilles a éstas que se samente se fían na
“corpórea beleza” e “caducas gracias”:

Caerés nun eterno esquecemento
sin honor e sin fama...

A exaltación do masculino e o rexeitamento do
femenino presente nos anteriores poemas, cobra
maior expresividade naqueles onde aparecen as
dúas ideas contrapostas:

As almas escravas,
de ideas non grandes,
van pensando mil cousas femíneas,
molentes e infames.

Mil soños forxando,
que o ánimo agobian;
arrastrando infamantes cadeas,
cal brandos ilotas.

Espíritos brandos,
esprítos muliebres,
sedentarios, que lenta consome,
e mórbida frebe.

Mais a alma do Bardo,
enérxica, ousada,
que audaz libertade
tan sóo soña e ama,
¡vai pensando en propósitos férreos
que ergueran a patria!

e

.....
.....
Mais queden pra as mulleres
as languideces suaves;
que efluvios mil molentes
do brando corpo eshalen;

.....
.....

Tí procura ser forte
no soberbo combate
e que o teu nobre espírito
lance unha luz radiante,
tal que siga admirado
quen preto de ti pase,
cal se mirara ardente meteoro:
“Certo, este home é dos grandes”.

eu

.....
.....
polo pracer afeminado e brando
unidos tan samente

.....
.....

Sóo nos traballos duros
que ó ánimo ennobrecen...

Pode servirnos de remate a esta lectura de
Pondal, os últimos versos dun poema:

Certo, os homes de agora non son homes
e aínda menos que mulleres son.

Irene Pérez Pintos.
Carme Taboada Pérez.

nos libros; muller, femia do home

A opresión da muller, ao noso modo de ver, está baseada na existencia dunha sociedade patriarcal na que, o feito biolóxico da reprodución, serve de pretexto para lexitimar o asoballamento das mulleres; xustifícase deste xeito, unha situación as raíces da cal son ideolóxicas e non algo natural e inamovibel.

A familia é a primeira transmisora destes patróns ideolóxicos, dos cales, as nenas e os nenos, farán a aprendizaxe dende os primeiros anos da vida.

Cando as nenas e os nenos chegan á escola, xa teñen asimilados moitos dos comportamentos "axeitados" ao seu sexo según as normas sociais establecidas, na escola reforzaráse e completaráse esta aprendizaxe, até conquistar o axuste ao modelo que as devanditas normas require, favoreceranse aqueles xeitos de actuar polos que as nenas asimilan o seu papel de persoas sumisas, serviciais, pouco activas; reprimiráselles todo aquilo a apate do seu papel: encamiñándose deste xeito a seren as mulleres sumisas do día de mañán.

A escola xoga unha baza moi importante nesta laboura e dentro dela os libros de texto están a perpetuar "as imaxes femininas pro excelencia". Abonda con ollalas para comprobar como esta división "natural" se manifesta ao traveso das súas páxinas.

Aos homes atribúeselles todo tipo de actividades feitas fora do fogar pola contra a muller veráse pechada na casa ou facendo traballos derivados do que se considera que é propio dela: a casa, os nenos, o cuidado dos demais...

Dunha análise feita de libros de texto empregados hoxe na E.X.B. sácase o seguinte: tanto nos textos en castelán coma en galego, as diferencias entre o home e a muller, maniféstanse dun xeito cualitativo e cuantitativo: o home aparece naqueles traballos que supoñen prestixio social, actividade, independencia, organización da sociedade... Así o home é: médico, pescador, mineiro, xastre, zapateiro, cura, labrego, carteiro, actor... e fai actividades como: ler o periódico, participar en xuntas, ir cos amigos... Mentres a muller é: modista, enfermeira, maquilladora, mariscadora... e fai actividades como: coser, barrer, cuidar dos nenos, facer camas, fregar, ir de compras...

Analizando os xogos vemos que: o neno xoga co tren, vai na bici, xoga a guerra, as canicas, co cabalo, co avión.... A nena: salta a corda, xoga ca moneca, fai comidas, xoga ao corro,.....

En canto ao aspecto cuantitativo, é abraiante a diferenza de imaxes adicadas ao home e á muller:

LECTURA "NUEVO MUNDO" 1º ANAYA	I M A X E S	
Neste libro o protagonista é o neno.	HOME	MULLER
LUA NOVA 1º (Lectura)	78	38
Este é o texto no que se quere dar unha imaxe distinta da muller: guía o tractor, e pai e mai traballan xuntos na terra e na casa.		
O NOSO GALEGO 1	205	55
O NOSO GALEGO 2	228	72
A muller aparece en actitude pasiva, como acompañante do home, en segundo plano.		
AGROMAR-LINGUA GALEGA 1	20	9
MATEMATICAS 2º (Anaya)	76	17
O RAPOSO PILLABAN (Lectura C.INICIAL)	53	22
MATEMATICAS 1º (Anaya)	72	35

O Dicionario Básico de la Lingua Galega, que pode ser empregado dende os primeiros niveis da E.X.B., contén 2000 palabras das que a maior parte vai acompañada dun dibuxiño para facer máis comprensible o seu significado. Pois ben en canto á aparición da figura feminina ou masculina segue a mesma pauta discriminatoria dos outros libros de texto analizados:

	HOMES	MULLERES
Palabras que empezan por A	81	28
Palabras que empezan por C.	70	20
Palabras que empezan por M.	38	14
Palabras que empezan por P.	38	17
Palabras que empezan por R.	20	10
Palabras que empezan por T.	23	8

Das definicións, suliñamos:

HOME: Animal que pensa e fala.

MULLER: 1: Femia do home. Ex. :as mulleres entenden moi ben aos nenos.

2: A que está casada cun home. Ex.: A muller de Xan é enfermeira.

RAIÑA: A muller do rei ou muller que é rei.

REI: A primeira autoridade dalgúns países.

ALMA: A parte do home que non morre; é a que nos fai pensar, querer e sentir: Ex.: O home ten corpo e alma; a alma é a que goberna. *Ilustración:* Imaxe dun home.

**Carme e M. Celia G. Seixas
Ana Vila Montero.**

o momento do desafío

É obrigado escomenzar dicindo que, a chegada da muller ó mundo das letras dista moito de ser parella á do home, mesmo a súa incorporación segue a ser minoritaria.

Non é moito o que sabemos, un longo silencio exténdese sobre as nosas antepasadas. Como di Virginia Woolf, dos nosos pais sempre sabemos algún feito, algún rasgo. Foron soldados, mariñeiros, ou desempeñaron tal cargo; das nosas avoas, nais... queda a tradición, o seu nome, a súa beleza e os fillos que pariron. Unha vez máis, as referencias fanse ó patriarca. Sobor delas córrese un "estúpido velo".

¿Porque non escribiron as mulleres? Parece que estiveran mudas, agás casos illados, dende Safo (600 a. C.) ata o século XVIII; curiosamente non ocorre o mesmo no caso dos homes.

Non é difícil adiviña-lo que facían as mulleres cando os homes do seu tempo escribían as obras clásicas da literatura mundial. Evidentemente, o medio en que decorrían as súas vidas non as motivaba para escribir. Abonda dicir que, circunstancias alleas á arte, impediron que elas crearan literatura. E non será necesario lembrar aquí as constantes sociais e culturais das diferentes épocas, que supoñemos de todas coñecidas. Hai casos insólitos, —como os de Marie de France— escritora de Lais—, Afra Behn (1640-1689), a Condesa Beatriz de Diex, ou Mary Wollstonecraft —"aceptada" nun círculo londinense de afervoados da Revolución francesa, autora do primeiro tratado feminista en 1792 *Vindication of the Rights of Woman*—. Por outra banda, non o esquezamos, na novela gótica hai mulleres como Mary Shelley, creadora de *Frankenstein*, que responde a un tipo de creación fantástica, non precisamente melindrosa, como de cote se ven atribuíndo ás mulleres. A pesar dos cambios que no século XIX se deran nas leis e nos costumes, propiciando o achegamento das mulleres á cultura, en xeral, as escritoras seguen a estar limitadas a un círculo moi restrinxido se o comparamos co do home. Por poñer un exemplo, mentres George Eliot vivía afastada, Tolstoi recorría Europa; e ó tempo que ela interrompía o seu traballo literario, para coidar do seu pai, el producía unha obra de embergadura, *Guerra e paz*.

Polo que se refire á temática, hai que dicir que as mulleres escriben fundamentalmente novela, máis doado para elas —segundo Virginia Woolf— profundizando nos conflitos das relacións humanas en ámbitos moi reducidos, non por falta de imaxinación senón porque o seu ámbito persoal era de feito limitado. Críticaselles a miúdo o seu



esquencimento dos grandes temas do momento (as guerras napoleónicas e a revolución industrial), pois se aparecen son vistas desde a posición dunha muller mediatizada, entre outras cousas, polo espacio, como o caso de Jane Austen que vive tan só nun diámetro de douscentos quilómetros. Con todo, déixase ver nos escritos dalgunhas delas a rebeldía e o intento de rachar cos convencionalismos tradicionais da literatura feminina; a propia Rosalía de Castro en *Follas Novas* no-lo di:

"Daquelas que cantan ás pombas e ás frores
todos din que teñen alma de muller.
Pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,
jai!, ¿de que a terei?"

O comenzo do século XX ven marcado polas incidencias do movemento sufragista. A situación tiña mudado lixeiramente, mais non son poucas mulleres escritoras que aínda se agachan tras dunseudónimo masculino. De tódolos xeitos asistimos xa ó compromiso da muller-escritora ca causa feminista, a pesar de que o feminismo chegou tarde e mal a España, e a Segunda República foi demasiado corta para desenrolar unha conciencia feminista. Neste século as mulleres teñen conciencia do que o seu retraso cultural e o seu limitado papel social mantívoas afastadas. Este é xa o momento do desafío. É a partir de agora que han deixa-la súa pegada, non só no eido da novela e poesía, senón tamén no ensaio, teatro, historia e nas ciencias experimentais e sociais. Reclama os seus dereitos e bate nas portas da Universidade e

centros de estudio. Hai unha presenza feminina nas letras —agora xa doutro xeito— diferente a como tiña acontecido.

A creación literaria das mulleres tinguése de disconformidade; as súas personaxes son, en moitos casos, portadoras do desacougo persoal ou colectivo. Teñen conciencia tamén, da súa femineidade e realidade de muller como diferenza problemática. Este sentimento foi levado ó papel, o cal aporta á literatura feminina unhas constantes que non atopamos na dos homes, pois aquela leva en si o xerme da oposición e da ruptura, o desexo de altera-la orde establecida, cuestiona os valores da cultura patriarcal e mesmo a linguaxe. Está especialmente destinada á muller.

Hai toda outra obra de muller que non reflexa este compromiso, nin se centra necesariamente na problemática feminina, pero só a existencia da súa palabra significa que estamos chegando ó fin do silencio secular.

Aínda que aparentemente ten as mesmas oportunidades que o home, a aportación cultural da muller non é todo o fecunda que cabería esperar. Sabemos que a vida real é ben diferente.

Nos casos en que chega a colle-la pluma, polo feito de ter estado reducida á esfera do privado, atopa —quitando casos excepcionais— uns condicionantes externos e internos que dificultan á súa labor. É dicir, o último que se espera dela é que escriba, antes pídeselle contas daquilo que a cultura patriarcal considera a súa función primeira. Ten que se ocupar das tarefas “propias” e, o que consiga facer á marxe disto, débese a un considerable esforzo e a unhas motivacións que non tódalas mulleres teñen. Este non é o camiño máis doado.

Finalmente teríamos que falar da polémica recente ou non tan recente, de se existe unha literatura típicamente feminina.

A primeira en falar disto foi Virginia Woolf adiantándose ó seu tempo, dado que a polémica tomou corpo nas últimas décadas —hai que decílo—, consecuencia duns plantexamentos feministas. Como dicíamos, xa ela cuestiona o material creativo, a propia lingua:

“A forma da frase en si mesma, non se adapta á personalidade feminina. A frase está feita polo home. A frase é demasiado ampla, demasiado pomposa, para o uso feminino”.

Plantexa a ruptura formal e mesmo temática que estaría na base da diferenza de ámbolos dous discursos. No final do ensaio conclúe que o ideal sería unha literatura andróxina.

Máis preto de nós, Carmen Riera, Patricia Spacks e outras, estudian os rasgos que poderían se-los definitorios da chamada literatura feminina; O punto de partida é considerar que a relación da muller co mundo é distinta, e isto plásmase tamén na linguaxe que é unha maneira de capta-la realidade.

Temos que tanto o tono coma o referente son distintos; incluso hai referentes que case non aparecen na obra da muller —como os burdeis—.

Se cadra a especificidade está no tono, pois móstrase como característica a complicidade coas lectoras, debido a que se saben partícipes dunha historia común, bafada polo silencio; e tamén a necesidade dunha imaxe non mediatizada polo home. Tal vez é por iso que as principais lectoras son mulleres.

Segundo a opinión de Carmen Riera habería que preguntarse cal é a causa do achegamento do público feminino a este tipo de literaturas ¿o interés pola literatura ou o feito de que reflexa as súas propias inquedanzas?, é dicir ¿a función poética ou a referencial? Non é extraño que a incidencia veña dada máis polo tratamento de moitos aspectos que interesan á muller —o tema— que pola calidade literaria. Este tipo creación dá conta da conflictividade das mulleres nun mundo no que predominan os valores masculinos.

Marta Traba di que a característica, seguindo a teoría das funcións da linguaxe establecida por Jacobson, está “na orientación cara a fóra, cara ó contacto”, pondo como exemplo a Doris Lessing e a Jean Rhys. Apunta a importancia da función expresiva que quedaria explicada pola búsqueda do “eu” e a necesidade da súa verbalización.

Esta é aínda unha cuestión sen resolver: é difícil saber ata onde estas características responden a rasgos digamos especificamente femininos, ou se deben á marxinalidade sociocultural que pesa sobre a muller.

Isabel Mouriz.

muller e saúde

As mulleres estamos relacionadas con Medicina de dúas maneiras: Unha, como posibles portadoras de enfermidade; a segunda coma participantes da estrutura organizativa destinada a devolver a saúde.

Nas diferentes épocas estes dous aspectos foron evolucionando, non caprichosamente, senon dacordo coas transformacións político-sociais e os avances tecnolóxicos que supuxeron para as mulleres cambios substanciais na súa situación respecto á sociedade.

Na Medicina primitiva as mulleres tiveron unha importantísima actividade, orientada, sobor de todo, ao aspecto práctico, ao contacto directo cos enfermos. Nas mans dos homes das clases altas, quedaba o teorizar as alteracións nos mecanismos fisiolóxicos que levaban a enfermar. A medida que se foron criando as facultades médicas, o poder dos seus representantes foi aumentando; as mulleres das clases dominantes, coma no resto da Ciencia e a cultura, foron neutralizadas ao ser impedida a súa entrada nos centros de adiestramento. Quedaba por controlar a inevitablemente subersiva práctica cotidiana das mulleres das clases populares no arte de curar. Na orquestación da campaña participaron activamente os representantes da Igrexa que veían tamén comprometidos os seus intereses terrenais. Este proceso adquiriu a mais precisa concreción na sanguinaria persecución de bruxas no século XV e XVI, na que miles de mulleres foron torturadas e queimadas, aducindo os seus máxicos e diabólicos poderes, polo feito de exercer a práctica médica o simplemente por viviren de modo independente sen o control dun marido o pai.

A primeira participación "consentida" das mulleres na Medicina chegou coa oficialización do traballo de enfermeira, aceptado, xa que foi concebido coma unha prolongación do efectuado pola muller na familia; corria xa o século XIX e as escasas médicas eran consideradas coma "viragos" que rexeitaban o fundamental da súa esencia feminina.

Hoxe un alto porcentaxe de mulleres forma parte da estrutura sanitaria, delas, a maior parte no sector da enfermería, xa profesionalizado pero con matices da súa concepción orixinal. As médicas, en número aínda escaso, atopanse encamiñadas cara aquelas especialidades "afines" aos labores primariamente propios do seu sexo, pediatría, xinecoloxía, o en traballos mais mecánicos, análise, anestesia, que non requiren o sangue frío e a enerxía tan pouco característica da súa psicoloxía sexual, sendo exemplo directo a cirurxía, con case nula participación feminina.

As mulleres, coma portadoras de enfermidade, temos sido tratadas desde moi distintos puntos de vista no devenir da historia, pero sempre cun

denominador común: a utilización da técnica e os avances científicos e o poder médico, coma un dos mecanismos básicos na perpetuación dos estereotipos sexuais.

Mentres as mulleres traballadoras dos comezos da industrialización, consumían catorce horas nas fábricas, e o resto da súa xornada concebindo, parindo e malcriando novos escravos, as mulleres acomodadas coa súa inactiva e transparente palidez eran consideradas incapaces, pola súa fragilidade, para o menor acto responsable fora das catro paredes da súa casa. Iso si, algo tiñan en común, o seu misterioso ciclo biolóxico, considerado case coma un estado de enfermidade perpetua: a crise da primeira regra, o estado de anormalidade nas seguintes, o case patolóxico do embarazo, e por fin, a completa inutilidade tras a menopausia.

Até a nosa infancia chegan os consellos de especiais precaucións nos días de regra, nos que, incluso hoxe, os homes soen rexeitar o coito. O embarazo sigue sendo pra maioría un fenómeno alleo que se aposenta no seu corpo e; a temida menopausia acarrea un indescribible número de alteracións físicas e psíquicas.

Moitas de nós temonos preguntado nalgún momento da nosa vida se este é o destino biolóxico xeneticamente determinado pras femias da especie. Chegaremos, nos próximos anos, a saber até que ponto a bioloxía está na base. O que si sabemos xa



é que, os investigadores, homes na súa maioría, e os médicos, interpretan e, consecuentemente, utilizan os seus avances técnicos no senso de manter a situación de privilexio masculino. Non é en absoluto casual o particular enfoque no control da natalidade, promovendoa ou restrinxíndoa, segun interese, naturalmente coas mulleres como "cobayas"! argumentando ideoloxicamente as súas posicións. Como exemplo inmediato da manipulación dos coñecimentos na bioloxía podemos reseñar o noso restrictivo proxecto de lei de aborto que nos últimos meses, fixo correr mares de tinta nas publicacións médicas españolas.

Por outra parte, a clase médica, segue a gardar celosamente o templo da sabiduría, namentras os pacientes carezan de información, podense manter a salvo das críticas, namentras as mulleres permanecemos afastadas do coñecimento do noso corpo, seguiremos nas súas mans.

Eles teñen a técnica e a información, nós un reto prantexado.

**Celia Miralles.
médica.**

as mulleres na cociña

E curioso, a muller reivindica saír da cociña e o home presume de entrar nela. Esta ben craro a que se debe isto. O que eu diría e que había que deixar os homes metidos pra sempre a cociñar, como fixemos as mulleres o longo de moitos séculos. Desexamos que chegue o día en que a muller presuma de cociñar "aquele" que lle gusta, non o condumio diario que e frustrante e aburrido.

Cando así sexa, quedará atrás unha historia de penurias e sufrimentos que viviron tantas mulleres galegas. Eu, nun libro de cociña que escribin preguntabame si existía unha cociña galega e como era. E dixeran que si. Existe unha cociña primitiva, rústica, nada da pobreza secular do pobo galego que por ironías do destino, podese considerar hoxe de moda, nunha sociedade consumista donde hay a quen lle sobra todo. Hoxe volvese a cociña que inventaron as mulleres galegas, a cociña natural de sabores auténticos que nutre sin engordar.

En realidade as mulleres galegas da sociedade rural pouco cociñaron, porque os seus homes

estaban na emigración, e elas tiñan que atende-lo campo e a casa, e polo tanto, a cociña que xurdiu das súas mans foi a mais natural posible pra que fose directamente o estomago da familia aproveitando astra última proteína.


Por outra banda, non tiñan un padal tan derramado que lles cumprises misturas e prebes. Nunha sociedade eminentemente agrícola e pesqueira, a nosa xente botaba todo o día fora, todo o día no campo, e así a calquera produto encontrabanlle gran sabor.

Así naceu o humilde, popular e sabroso caldiño, tan imitado por aí fora e nunca conseguido igual que no noso país. O negro pote de ferro cos seus tres pes enriba dos tizóns, foi a estampa habitual, a paisaxe natural da cociña galega de fins de século.

Cando se escriba a historia da muller galega, non se poderá olvidar nunca a súa gran contribución a cociña, —merito do que presumen tanto os homes sobor de todo cando enchen o peito, en Madrid, falando do que saben facer—. ¿Quen esta sempre xunto o fogón nos restaurantes?. O home —faltaría mais— fai as relacións públicas na porta e entre as mesas, e as mulleres poñen anonimamente o seu arte xunto as cazolas.

A gran intelixencia da muller galega rural, estivo tamén o servizo da cociña porque pra todo, se se fai ben, hai que poñer sabiduría. Hoxe por hoxe, ninguén as millorou, ninguén lles enmendou a plana. A cociña galega sigue vivindo do arte, do bon facer e do sentido común das mulleres.

Carmen Parada.



a casa encheu unha infancia

A infancia tívonos nos seus brazos un espacio de tempo semellante a calquera, sen nos deixar alonxar moito daquela Casa enorme, a nosa vinculación infantil. Debemos lembrar aqueles anos coma un inicio irrecuperable de nosa ledicia, coma a época do sorriso fácil e dos ollos pequenos, das persoas que viven a vida coma un espectáculo no que aínda non participan da dureza cotidiana. Era época de nenos, de risa e sufrimento.

Os nosos xogos eran verdes, coma a cor das follas das arbores, coma a cor dos nosos xoguetes. Os nosos xogos eran libres, sen imposicións plásticas nin estereotipadas. Eran o símbolo da nosa liberdade virxe. E a linguaxe era fresca e enorme, cecáis tan grande coma a Casa.

A Casa tiña moitas cousas antergas, lembranzas de familiares vellos e mortos. Reliquias recubertas de un pó imposible de limpar por máis que a nai dáballe ó trapo polas mañás. E polas tardes imitabamola os nenos. Sacabamolas camisas para repetir aquíl xesto adulto. Tretando con cuidado o reló do abó, a máquina de coser de tía Marta, os cadros do maestro, os frascos de colonia de María, xa valeiros pero que, según ela, aínda cheiraban a París. Nós aspirábamos desexosos de coñecer aquel ar estraño no que nunca poderíamos vivir, porque, segundo María, o París xa non era o mesmo. E o pó persistía, aferrado ós obxectos do mesmo xeito que a luz mantense pegado ás vidrieiras góticas, coma maravillas adormecidas.

Estes secretos eran a nosa colleita diaria, o que aprendíamos sen cesar día a día. A tarde seguinte repetiríamos os mesmos ritos, pero descubriendo un novo caixón no que peces aboríxenes de terras e mares lonxanos poseían nosa imaxinación, nun acto recoñecido. As nosas reaccións revertían agradecidas, diante das maravillas que tiñamo-lo privilexio de crear e disfrutar.

Durante moito tempo, moito tempo nunha época na que os anos estíranse ata o infindo, e os días vívense coma universos independentes, a Casa foi a nosa amiga. Amiga muda e disciplente. Compañeira de aventuras, reduto de secretos. Ofrecíase amable como refuxio os días da choiva maldita, deixábanos estremecer ó amparo do seu teito, escoitando a treboada de verán, e con ela morríamos de medo entre risas e prantos. Naqueles momentos semellaba unha ave protexendo as súas crias, agarimosa. Naqueles momentos o teito trocábase nun par de alas maternais, até que a aberta inmensamente apertada afrouxábase xenerosa e deixábanos voltar coa natureza. Cecáis ela mesma era o centro da natureza.

Tamén enchíase de luz anunciando novas eras. Entón, os trinos dos paxaros misturábanse coa nosa troula. Todo resumíase en frol e ledicia. Aquelo significaba o retorno do sol, do tempo luminoso e


do calor, e como non, do río. Os nenos éramos retozo e chapoteos, corpos desnudos na auga e carreiras nas orelas. Un mundo acuático de pouca profundidade, tan enorme ós nosos ollos. Orgullo sentíamos por aquel escenario de aventuras anfibias!. Mentras tanto, a Casa estiraba a paciencia e nos recibía cansados ó seran. A nós e ós nosos cargamentos de croios, que se íban axeitando polos recantos a facer compañía ó pó ancestral, e a perderse polos caixóns; convertíndose en obxectos aceptados, ofrendas de santuario de dioses desaparecidos ou inesistentes. Máis tarde, xa dormidos, compartíamos con ela as fazañas vividas e pensadas. En soños eramos camaradas de ilusión, e a Casa disfrutaba destas confesións nocturnas.

Unha tarde calquera das moitas de lecer e inocencia, a Casa resignouse a perder, a ceder, o seu lugar de privilexio nas nosas vidas. A chegada da televisión púxonos en contacto con un mundo máxico e impensado. As mentes infantís tornaron a súa atención cara un ouxeto novo, distinto a tódolos anteriores, algo que non era nin sería parte da Casa. E esperóu que o incidente nos transtornase e caera finalmente na indiferencia. Así foi. Fascinamos algún tempo con aquela caixa de tesouros submarinos, rescatada para nós nalgún lugar non lonxano. Semellaba abrirse e desbordar pedras preciosas, que os nenos nos acercábamos ávidos a recoller, enchendo os nosos bolsos de trepidación e algo de violencia. Conseguimos inventar máis terribles. Pero, da mesma maneira que o principio arrebatóunos, axiña deixamos de buscar aquela barreira máis alta. Voltamos ó noso mundo de pureza, pureza verde e fresca, pureza de herba e de primitivismo. A Casa, de novo, foi centro dun universo.

Pasóu o tempo e foi testigo do último episodio que pasamos en compañía. Testigo e protagonista, sen mostrarse posesiva. A Casa abriu un día as fiestras e as portas. O vento xogaba cas contras marelo desvaído, poñendo ritmo á nosa marcha. Medrabamos. A Casa desaparecía, difuminábase e perdía consistencia. Queríanos instigar vivindo. Empacámola vida en mil maletas, dixemos adiós ó ar, e marchamos. A estrada levábanos en dirección descoñecida. A última fiestra en desaparecer da vista, antes da curva que tapaba a derradeira imaxe de Casa, pechóuse nun guiño de complicidade cando o coche se alonxaba.

Hoxe, a Casa quedóu atrás, lonxe na distancia do pasado. Tan só somos fieles ó recordo. A nostalgia atrápanos, atrápame ás veces, e fórmase unha escena inolvidable co guiño, marelo e malicioso, tamén algo desvaído, da despedida da última das súas fiestras, no momento antes de perderme na curva da adolescencia.

Maite Rabanal.



“A liberdade intelectual depende das cousas materiais. A poesía depende da liberdade intelectual —E as mulleres foron pobres dende sempre. Foron menos libres que os fillos dos escravos atenienses. As mulleres, daquela non tiveron mais oportunidade que un can para escribir poesía”.

Virginia Woolf.

I
Illas-Paradiso, os dones terrenais
ao amparo da ría.
Enche o ceu un exilio de páxaros.
Un mundo que non cesa
rescatado á espuma.
Edade de ouro onde navega Ulises.
("A alma é como auga")
Noso é o mar e a duda.

II
Apenas entreabertos os ollos
danados pola luz
a claridade restituíe
esa visión de casas nas orelas,
doce mar de Baiona,
limoeiros e ramos.
Como nun gran espello as augas xogan
mentras se abren olores e mil músecas.
Sucede algo inconcreto, que non dura,
e fai sentirme a pleno día soia
e as increíbles Cíes
frente a miña xanela.

Do libro Últimas Illas”.
Vigo. 1982/83.

Xohana Torres.

sen que as visagras...

Sen que as visagras de ferruxe en home
de cartonada face no-lo impida
emerxen pombas nos picasianos peitos
da muller de andar
das mulleres de azos a espallar faiscas
das galegas de terra no ano oitenta e dous
que leván, han levar e levaremos
a creación matriz fora dos eidos
a xerminar polos cómaros de vida nosa para nós
que xa é beleza
de brincar en liberdade terra nosa
esparexer da brétema os curutos
berrar no alto coureis e carballeiras
de Maria Mariño o van e o peito frio
Forza, empuxa de ti e fala!
Falaremos por fin, amigas,
dade-me a voz e as vosas mans de lírios
recuperemos coas mans e coas palabras
a historia de avanzar felicidade
—que non a morte—
saindo do pozo á luz, Luz Pozo Garza,
ave de surcar riso, paxaro na boca,
levas de amor o canto e a palabra.
Nosa será esta terra porque a amamos
e de séculos por nós e en nós medran os froitos
recompensadas xa por flores gandareiras
névedas sofridas da montaña fumos
de sentimentais Paquiñas liberadas
agora ledas, Margarita Ledo, somos
a parolar cun eu, cun intre, un insecto
de peregrinar un san andrés vizoso
abriremos Camiño, Noia, senda longal
de coñecer nas fontes como cervas
o purísimo canto, Carmen Blanco
que leve penduradas dos cabelos
belísimos
mulleres de deixar na nosa lingua
a vida, a forza rosaliana, a sávia-fémia
que espiliremos do Porteiro, fora,
Maria Xosé nas ondas
para que escoitedes amigas que xa estamos
xuntas para sempre en carballeiras meigas
abalando das serras nun mencer de maio
éguas ceibes, sen curros, con Pena de Anxeles
e os acentos novos de Cristal e Helena
e as que han de vir recuperando o tempo
até chegar ao mar,
único límite da nova estación,
onde as gaivotas fican sobre a pedra,
as nosas Xohana,
e nós erguendo o vo derrubaremos Torres
de incompreensión.
Irmandiñas galegas, queridas, nós.

CODICE CALIXTINO

chovía en compostela

O aire semellaba unha camelia branca.
Tornouse en chuvia. Infinita ausencia.
Sombras escuras.
Columnas primordiales con volume románico.
Mas non estabas ti.

Mirei a tarde.
Liña espiral da chuvia na memoria.
Unha estación de incienso, pranto, mirra
abisal. Salgueiros, partituras.
As fontes fican soias.
Unha especie de bafo de camelias unxidas.
Chove gris Compostela. Un cálice de chuvia.
Mas non estabas ti.

A nosa historia
pertenez á cripta dos crepúsculos
camiño de Santiago.
Unha longa coroa de cúpulas xiadas
a facer o milagro polas pontes de Roma.
A nosa historia hase ler baixo a lámpada pura
na noite dos pazos abertos.
Na noite debuzada
sobre panos de seda, catedrales pechadas,
aras de perpiaño.
Nun dolmen presentido perto de Compostela.
Biquei a tarde nos altares.
Mas non estabas ti.

Á percura do tempo
rachei as partituras do Codez Callixtinus
no Pórtico da Goria.
Unha casulla azul polo pranto e a ausencia
derrubouse sen bruido.
Desprovista das verbas que nivelan os cálices
fiquei a contraluz.
As lousas escribían a paisaxe obstinada.
Despois chegou a noite. Chovía en Compostela.
Mas non estabas ti.

Luz Pozo Garza.

M^a. Xosé Queizán.



o sena nace de ti

O Sena nace de ti
como curso fluínte de humores teus
como ollada que ti extendes polos vales amenos
como fonte vivísima de cervas.
E no Sena adormeces e demoras
mentres agardo o mencer de coeur
en que xurdas de botticelli xeito.
Enxergo os seos teus nos remoiños
—redondas mazáns quentes nos meus dedos
acuguladas de placer en tardes de chaise-longue—
asomando de mascarón de proa
de navio sáfico e antergo
galeón ensumido
drakes de ollos grises
stormy wether.
Miña amada parisina
levas o Sena no riso alborotado
e queda de pimentel e pedra o rio,
sólido xa sen ti.
Apionas polos quais
sirena danzarina
choutas pedras usadas ao pe de notredâme
renace o simbolismo en ti polos recantos
de cunqueiro quedas acobadada na xanela
con manuel antonio paseas tan cursi! polo xardin
valle inclán engalanate de sonata outonal
eu con pamelá flotante e velos malvas...

Malvada!

Por que te pos un pantalón vaquero para ler a
Baudelaire?

no inverno...

No inverno
cando a marexada incita ás ondas
no lonxano mar
as gaivotas atoladas chegan polo Sena
revoan notredâme, lonxa sen peixes,
e cheira a vigo nos quais parisinos.
Sen nostalgia.
Son roucos os bramidos das aves
que os risos da miña amada non me deixan
escoitar.
Ela alborota o Sena como o leito
xurde coxas como xerfa sexual,
rompe olas, rompe o riso
rompeme que te rompo
pena rubia
marola
loiros cabelos
sargazos nas miñas pernas.
De sarga son
en sirgo me adelgazas.
O Sena faise muller no teu incendio
sensualizas as augas
miña amada de cal.
Os teus seos asoman sobre as augas
as gaivotas axexan como águas
elas —eu— cobizosas
Ai!

M^a Xosé Queizán.

onte e hoxe

De súpeto
calisquer acontecemento S
u
m
érxenos no pasado,
doce e amargo ao mesmo tempo
pro
dunha maneira esPREsioNista saio de mín,
des

dó
bro
me
"Eu agora"
contemplo a todos
desfffffilando coma nunha fffffilmación
"fffffellinesca".

"Eu antes"
estóu tamén alí A ntre
eles
cunha diferenca,
eles escordados,
caricaturas fideles deSÍ mesmos;
eu igoal,
a mesma no meu exterior,
pro a miña caricatura persoal
está nos sentimentos e actuacións.

AtentA A todos,
a coidálos,
protexélos;
interesada nos seus prob lemas,
indiferente aos meus,
es de
cor gando o meu vivir
en patética e absurda bulra de vida.

"Eu agora"
observo con ironía
coma os meus ollos
e os meus miolos
misturan ontE E hoxE.

Nem
bar
gan
tes

eles bo tan a súa tenrura
na contra de mín,
enVólvenme,
cóntanme que foron
a miña outra familia.
Hai algo que me atrae
e déi

xo
me
ir
nun baldado intento

de acadar a "eu antes",
de creer
que nada morréu,
pro síntome estrana,
allea,
e un forte refugo a todo
é
a derradeira e definitiva SenSaCión.

UN valdeiro esgazado,
desfeito,
ábrese diante de mín
¿Perdín o meu tempo? ¡Perdín o meu tempo!
Isto é insoportábel
éncheme unha infinda tristura.

Teño que atoparlle o senso.
N ON QUERO recuperar ren!
N ON o perciso pra nada!
ao contrario,
aquilo é lastre a abandoar.

Pro
nada é absoluto,
nada morre,
simplemente hai moitos "eu sucesivos".

es pa lla d o s

e algún día —moi lonxe—
o derradeiro
xuntará arredor de sí mesmo tódolosseus "eu"
anteriores

mo
ar zados,
ni
amigos,
r a c h a d a l a s súa s contradicións.

Estranamente e por uns segundos
atópome a mín mesma
diante de todos,
arreCadándoos

cuns
ENORMES longos brazos,
trocada en arbre-raís,
migalla de eternidade

que non morre
nin envellece

aínda que
endexamáis fun nova.


Na rúa
camiñando xa
s o i a

sinto ganas de chorar.
As miñas lembranzas a lón xan se,
pér den se

nunha lixeira brétema
namentras volvo a perguntarme

¿Quén sou eu?

Rosa Cameselle.



Andíven errante polas lonxitudes
do teu cabelo,
elevei a miña alma
a altura dos meus beizos
para que poideras bicar a plenitude interna
dun bico de mar.
E andíven errante polas lonxitudes
da tua pel.
E alcei as miñas mans
ó ceo dos teus peitos.
E sentín como esbaraban as hostias
que traguei na miña infancia
e cría —miseria— nos milagres.

Agora que entendín
que o amor son pingas agrias
caendo sobor dos labres,
ou unha posta de sol
saíndo de escea,
ou un adiós de espada
que racha o tempo.
Ou eres ti...
pechando o amor
nas entrañas gloriosas da soedade,
e así, todo en tí
é unha friaxe de soños
ourizándome a alma.

Carme Rábade.

todas as olladas...

Temos as olladas cubertas de melancolia,
presos perpetuos dun soño infindo
que nunca revoloteará diante da vida.

Nunca o sol tornarásse branco,
nin a mapoula trocarásse estrela,
nunca se abrirá no peito unha ferida
tan sangrante como a do silencio.

Temos mapoulas nos beizos sin estrelas,
e o silencio enchenos a ollada ó sol
camiñantes sin muletas para ó ocaso.

¡Amor, qué soedade compartida!

O sangue silandeiro esbara pola meixela,
a lúa abandonóunos na cuneta.
Eres a imaxe da muller nise espello
con pingas de amor xa secas,
e as chagas na ialma sin versos.

Nunca tornarásse a luz en brétema
nin os bicos xurdirán das cadeas,
porque entre as cadeas e os soños, sempre haberá
unha brétema.

¡Soedade, qué melancolia compartida no
silencio!

Ana Romani.

*"A concepción do mundo, o mesmo que o mundo en
si, é obra dos homes, eles descríbena desde o seu punto
de vista, ó que confunden coa verdade absoluta".*

Simone de Beauvoir.

a poboadora pasa...

A poboadora pasa
Ao claudicar do día
reclina nas cadeiras unha man luminosa
reinícia o misterio
Cara atrás vai deixando
corais, ervalúisa
areas do deserto que traguía esquecidas no cabelo

Xamais pregunta nada

Despois, perdida e louca;
sai a enredar os seus ollos nos pasos dos transeuntes
sobresalta os caracóis que dormen nas aceras
a paz municipal

Un día destes voltará, pola fresca,
con non sei qué palabras penduradas dos beizos
Quizais entón me maldiga nunha lingua estranxeira
ou me regale talos rotos de amaranta
sal de mares distantes
bolas de vidro estradas pola alfombra

Pilar Pallarés.

xa sei que non me agardas...

Xa sei que non me agardas na tua casa,
que te vas polas arboredas a iñorarme,
e te secas a tristura con follas de poemas,
que te queres afundir no ceo
e afogarte nise recordo de promesas
Xa sei que non me esperas e por iso veño
a petar na porta, a berrar polas fiestras,
que me enches os minutos, as feridas,
que me enches o mar e o silencio,
que entraches no meu corpo sin permiso,
i agora mutilado en soedade
tráioche a anguria en bandexa
i en tí desafogome da escuridade
que me oprime maldita os pasos.
I é que che teño nos laios
na música que soa no vento,
que che teño nas verbas e sorrisos,
i estou valeira sin vieiro.
Xa sei que non me agardas, pero veño pola brétema ós
teus ollos,
e me refuxio cobarde no teu centro,
e me arrinco as espiñas do peito
lambendo as pingas sangrientas polos beizos,
e non respiro, e me afogo,
e me afundo paseniño debruada,
axionllada, derrotada por unha bágoa... e unha verba.

Ana Romani.

catro veces ao ano

Catro veces ao ano
a poboadora fica un pouco máis
Quere ver raiar o sol desde as miñas varandas
en cada estación
diversamente

No almorzo le a prensa
devora mermelada
A miúdo hai unha foto na que un neno soluza
xunto á sua casa en escombros
despois do bombardeo

A poboadora traga o seu café con bágoas
desdeña os titulares
proibe a entrada do verán

Este ano xa levamos catro invernos

Pilar Pallarés.

ti sabes ben onde...

Ti sabes ben ónde se esconden as follas da maria
e cómo acompañar os ritmos frescos da auga
ti sabes
tamén os arabescos da pedra na soedade
e a fermosura do vento barrendo
as tintas difusas dunha noite
que eu distingo da pureza en días transparentes;
ti corres as maceiras de cristal e o sono mesto
pensando un mencer estelar, albor
de comunicación
cada vez máis perto dese ceo asesinado
por agullas luminosas e perfectas,
ti que todo refrescas
e reduces a ledicia,
ti que agora voas
coma un coro de gasas sen te prender na erva
e te derramas igoal que un viño
mesto e perfumado,
e ti que me regalas un ar
con árbores extensos lonxe
da terra queimada e dos espectros
doutro mundo que non amamos:
ti
coñeces ben por qué agora durme
o sol vingativo que antes esperaba
tras as rocas, tras os piñeiros,
tras o espello dun lobo escuro
a colleita e a lonxitude espida
da extraña verba en liberdade
que nunca nunca
ti esquecerás
nos teus soños.

Helena de Carlos.

río en mans de ternura...

Río en mans de ternura
corre o ceo polos eidos de ningures,
auga sen vida nen homes,
río eterno de voces con gaiola;
fluir, fluir
cecáis o sino marque unha nova traxectoria
cecáis o vento pulule por abaixo
e desfaga as gasas de líquens e cousa baixa
cecáis nen o sol beba nas tardes de apatía.
Vexo o ar, sinto o abismo,
o máis fondo espello da morte sen nome,
e onde está o sen fin alí adivino a vida,
a outra cara do río que agarda a quen promete
e coma as nais olla sen ver en faces de piedade;
fluir, fluir,
a variedade chama debaixo do aparente,
a vida do val, o hipotalamio, a canción
da doce mesta obscuridade
todo é río prolongando o decaer da inmensidade,
río en terras sen fame
vibra o ollo que lame a boraxeira
e aneia
fluir un río na vaguedade dos silencios,
nos grises da terra,
fluir, fluir
e facer parte
na interioridade sen fin das cousas.

Helena de Carlos.

my sweet lord

My sweet Lord
nun blues de fume,
percúrote
nas ruas molladas,
nesta soedade
que apaga todos os lumes
de todas as fogueiras.
Queda o blues de fume,
my sweet Lord.

E búscote,
nos cantos quebrados
e nos longos laberintos.
Porque tes rostro de outono
en alamedas pálidas,
my sweet Lord,
e iluminaste
por entre o mirto
e as prateadas roseiras.

Cecais habites nese castelo fantasma,
porque tes a cara branca
e as pupilas abertas
de ollar na noite.
Pero non eres vampiro,
eres Conde.
My sweet Lord.

Ese fume ten un cheiro amargo
que me levanta escarcha na carne,
soio queda este blues
e o teu ácido sucre,
e a tua doce e branca face
de conde ou navegante.

Percúrote,
polos camiños de neboa
surcados de silveiras,
belladona.
Búscote na noite negra
habitada de douradas relas.
My sweet Lord,
nun blues de fume amargo,
pálido, pálido,
en brancas alamedas,
por laberintos de prata,
castelos fantasmas.

E sei que estas aí,
perdido en calquer son máxico,
sempre ti,
sen medo
e ca risa eterna
nos labres vermellos...

Cristal.

e as ondas grises...

E as ondas grises ceo bicában a práia
cunha agresividade infinda violenta
pra fuxir da mare terra adentro
coma se dise xeito
fora limpa-lo peito
do noxo poirento e milenario
da sua benquerida amada
Mai-los gurgullos estoupaban alí mesmo
xunto a area xorda silandeira
Naquil intre atopéi a perla negra
soa núa
collinna antre as miñas máns
núa soa
e voltéina á mare
aquila mare secreta
goardiana da historia das historias
milleiros de historias!
Voltéina pra non atoparme tan soa

Dolores R. Seoane.



"Non debes querer ser poet(is)a.

Primeiro:
se eres muller, tes que ser mellor que
calquera dos homes.

Segundo:
tes que foder a todo o mundo.

Terceiro:
tes que estar morta.

Poeta masculino, en conversación.

se unha muller quere ser poeta

Se unha muller quere ser poeta,
debe dormir perto da lua a cara aberta;
debe camiñar através de si mesma estudando a
paisaxe
non debe escribir os seus poemas con sangue
menstrual.

Se unha muller quere ser poeta,
debe correr cara atrás ao redor do volcán
debe palpar o movemento ao longo das súas
fendas;
non debe conseguir un doctorado en
sismografía.

Se unha muller quere ser poeta,
non debe deitarse con manuscritos
incircuncisos;
non debe escribir odas aos seus abortos;
non debe facer caldos con carne vella de
unicornio.

Se unha muller quere ser poeta,
debe ler libros de cociña francesa e legumes
chinas;
debe chupar poetas franceses para refrescar o
seu bafo
non debe masturbar-se en talleres de poesía

Se unha muller quere ser poeta,
debe pelar os pelos das súas pupilas
debe escoitar a respiración dos homes
adormecidos;
debe escoitar os espazos entre esa respiración.

Se unha muller quere ser poeta,
non debe escribir os seus poemas cun pene
artificial
debe rezar para que os seus fillos sexan mulleres
debe perdoar ao seu pai o seu esperma mais
chegador.

Erica Jong.

o dia de descanso

... ¿E por qué non quedamos na casa mais descansados, oh!. Qué queres... eu non debezo a praia. Non che me gustan nada estes tranganillos do vran, sempre remato renqueada. Irvos deitar, logo, eu vou deixar arranxada a cociña.

Voume pra piltra, xa non podo máis, quedéi cansa como unha mula. Ogallá mañán chova a cántaros...

Non rechistedes, os nenos non poden ir diante. Deixádeme pensar, que non sei, con tanto barullo, se metin o pan na bolsa. Mirade no cesto de palla se van as gaseosas. Si?. Menos mal... xa non sei onde teño a cabeza.

Non deixedes a roupa espiringallada pola area, poñela toda xunta enriba daquela pèdra. Pedriño: os tenis tamén...

¿O periódico?. ¿Non o trouxeches tí?. Pois logo quedóu no coche. Si, dame as chaves. Cal delas é?. pra ónde se lle da? Non te preocupes... Non, veño deseguida. ¿Onde vades?. Quedar co voso pai. Boeno... vir. Coidado, non subades por esas pedras, vades cair. Veña dádeme a man. Pois craro que fai calor, que pensábades?. Díxenvos que quedárades co pai, non si? pois agora agoantade. Veña correr un pouco pra sair deste sol.

¿As gafas?. Deixachelas tamén no coche?. Pois dixérasmo, eu agora non volto, ca! ...co calor que fai, estás tolo!

¿Un abrelatas?. Sí, coido que metín un na bolsa. Non se preocupe señora, si todos os traballos foran estes... Non corre presa... De nada. Estórbanlle eiquí as bolsas?. Estáballe a dar o sol. É un momentinho nada máis, mentras me baño. ¡Graciñas...

Sí, eu tamén teño fame, vou dar un chapuzo e comemos, eh?. Vixía os nenos, queres?. ¡Xo, que frio está isto... Seguro que morro sen ter mellorado as miñas artes natatorias. ¡Pareces un can... parece un can... ¡Tí coida do teu, xa sabemos que eres moi listo. Xa vou...¡. Contra que boa está agora... Sempre pasa igoal, cando te tes que sair... Xa vou.. Xa vou... Pero... ¿Qué fai o Pedriño perdido antre duas augas?. ¡Nin dous chapuzos pode dar unha tranquila: Baña... Baña tranquila!! ¿Como pode unha bañar tranquila si lles quitas a vista denriba e... ¡Zas! a piques están de afogar. ¿Pra ónde andas a mirar... Non te enteras de nada. ¡Sí, agora pégalle ó rapas, que culpa terá él! Veña, secádevos que imos comer logo. ¿E tí por qué lle pegas ó teu irmán? Ai san Sirino, heiche gaiteiro de Cristo!! ¿Que importancia ten que se seque a tua toalla?. E tí, mamón... ¿Non tes a túa?. Por qué te secas á dél, logo...

Séntate máis perto, queres?. Non, non é o mesmo, dempois teño que andar estirando o brazo. A ver... vosoutros, eiquí o meu lado. Esperade que

saque a comida. Tranquiliños, eh?. A ver si estás quieto, que che estóu a mirar cun pe metido no prato. Trae aca, alcanza o vaso, pero non empededes a beber xa. Un momento que non teño catro mans. Estóu servindo ós teus fillos, espera un pouco. Eu tamén teño fame, ou tí que pensas?. Acheга o prato anda, que non te chego. Manía de non deixar a poltrona e vir sentarse no chan, coma todo o mundo. E tí come e non bebas tanto. ¡¡Si xa sabía eu!! E agora qué?. Anda... anda... que vas coller cheo de area?. Toma, e agárrao ben agora. Coas duas mans. A sí!! ¿Queres mais tortilla?. ¿Chega?. Pero... e que non podes estar quieto cos pes?. ¿Miras... miras como puxeches o mantel cheo de area?.

¿Como é que non queres máis?. Deso nada... Hai que comer todo. O que non coma todo non se baña. Veña, bebe un pouco pra que che báixe. Un pouco, dixenche un pouco e vaciáchelo todo. Agora as querer que che encha o vaso outra vez. Ponnó dereito, que vai cair... ¿Que importancia ten que fale coa boca chea, pra unha vez que ma deixades encher!... Tí tamén queres que che depelique a mazán?. ¡Boeno... alá tí, poro anda con coidado, soio me faltaba que rebanárades un dedo.

Tumbádevos ó sol, mentras eu recollo todo esto. Non, non empededes. Esquencervos da hora. ¿Queredes?. Está ben.. son as catro. Sí, polo menos astra as seis. Non, nada de orelitas, que vos coñezo... ¿Por qué non vades xugar co aqueles nenos?. Sodes uns cocóns. E por qué non lle vades dar a murga ó voso pai? ¡¡Feliz él, que pode durmir...

Parouseme o reló. Idella a perguntar aquél home do sombreiro de palla. ¿Por qué non xogades coa pelota?

Estádesme enchendo e vouvos zoscar. ¿Por qué non vades pegarvos alá diante, ou xunto o voso pai?

O que máis me gustaría?. Pois a mín, o que máis me gustaría... Sería convertirme nun mico. Sí, non vos riades... Gustaríame ser un mico pra gavear por aquél piñeiro arriba e quedarme eu alí soíña.

¡Por favor... Non empededes outra vez... Veña, xogamos o "veo veo". Escapo o lado do voso pai, él ben que se lisca de vosóutros.

Oes, ¿por qué non aturas un pouco ós teus fillos, pra variar, queres?

Que xa se queren bañar. ¿Como vou deixalos?. Pra o que che importaría a tí que tuveran unha gomitona, seguro que nin te enterabas... Non lles pasa nada... Non lles pasa nada!. E si lles pasa qué?;

Mira que maneira de tremelicar. ¡E aínda non queríades sair da auga... Déixame que te fregue coa

toalla. Pareces un bacallao en remollo. ¡Na miña vida tal miréi. Vestirvos xa, veña, que imos merendar...

De xamón cocido. Agárrao ben. Non, sí o que che gusta a tí aínda non se inventóu. Veña, come e cala. Rematar deseguida que empeza a facer frío. I mos liscar pronto, que non vexo a hora de me deitar. Cando colla a cama...

¿Os teus calzoncillos?. Mira a ver na bolsa... ¿Buscache ben?. A ver... tráe, tráe eiquí. ¡Non sabes buscar nada. Pois tiñas razón, non están. Vas ter que ir co taparrabos mollado. ¡Boeno... Xa está

ben, non?. Teño que ter eu conta de todo. Pois aínda que te preocuparas polos teus calzoncillos, aínda que nada máis fora, non farías nada de máis, ou sí?. A ver ¿que che parecería a tí que eu che viñera a perguntar polas miñas bragas?. Non é igual, non é igual... ¿Cómo que non é igual?. A diferencia invéntala tí. Non vexo eu porque me tes que vir a perguntar polos teus calzoncillos. Pois logo xa o sabes pra outra vez, oño!. ¡Que xa está ben...!

Margót Chamorro.



Margót Chamorro
la loea

o enigma envolto nun misterio dentro dunha plantación

Pamela Lengley era a *men* que máis especulación levantaba de todas, e con razón. Era altísima e angulosa, e todo nela se movía moi paseniñamente, mesmo o falar. A súa voz era lúgubre e queda, salferida duns erres escoceses que hipnotizaban. Vocalizaba ademais caseque sen separa-los labios, como os bos detectives, de xeito que as súas luctuosas comunicacións verbais afloraban *de profundis*, e dicir, dos seus fondos e escuros ollos, que eran os de un galgo que perdeu unha presa importante e ten medo da malleira que lle poida da-lo amo. Sempre elegantísima —as sinxelísimas liñas dos seus vestidos (disque feitos por ela mesma na casa) tiñan todala prestancia da *haute couture*— así e todo camiñaba coa cabeza invariablemente gacha coma unha espía con depresión. De solteira vivía en París e ás veces cando a visitaba no seu bungalow poñía discos románticos chansonniers galos, amores de mocidade. Coma eu non entendía o francés parecíame sempre que coa súa voz donda estes garçons estaban cantándolle a Pamela as fazañas intimistas dun pasado hermético.

A Montgomery Lengley, seu home, traíao a mal traer. Parecía un guapetón prateado e sofisticado dunha película de millonarios londinenses de antes da guerra, co seu bastón aristocrático que brandía con gracia o falar e o seu aire de estar sempre de etiqueta. El e máis Pamela saían muy pouco á “civilización” porque vivían moi afastados de Betakán Batu, nunha plantación de caucho que Montgomery supervisaba. Illado deste xeito dos atractivos da grande cidade, Montgomery pasaba gran parte do seu lecer coa súa colección impresionante de armas de fogo, e mantendo cada unha delas sempre a punto, e nun recanto do seu palmeiro-so xardín practicaba tódolos días cunha diferente facendo estragos no corazón dun feísimo boneco de tamaño natural, que mandara traer desde Betakán Batu para este fin. Tiña ademais unha colección de espadas antigas, que pulía con amor cando non o reclamaban as pistolas.

Na locución máis longa que lle rexistramos nunca, Pamela chegou a dicir un día que non sabía, na soedade da prantación, que era o que lle inspiraba máis terror se o troar das denotacións ou o sinistro silencio das sesións de culto á arma branca. O conto é que cada dous meses, sen paliativos, aparecía na nosa porta, bolsa en man, pedindo acovillo dun marido alporizado é que lle dera por empuñar, sen mala intención aínda que non sen certo regusto, algunha das súas variadísimas armas. Montgomery estaba convencido de que Pamela lle poñía os cornos, idea ésta bastante espallada polos mentideiros de Betakán Batu, pois dicíase que esta muller en por si xa nada aficionada a face-lo amor, aproveitaba calquera oportunidade para se convencer do contrario. E como Montgomery era demasiado cabaleiroso para

degolar a súa muller na casa dun amigo, Pamela agarimábase entre nosoutros o tempo de maior perigo para a súa vida, feita un novelo no canto do sofá. Mais sempre volvía para a casa pasado un tempo prudencial, aínda que resmungando entre dentes que nunca mais lle aturararía, de ningún xeito, outra escena de celos ó energúmeno do home.

Entre a falta de comprensión, a soedade e o perigo, a súa vida era toda unha traxedia e ninguén entendeu como non fuxía do seu inferno cando lle serviron a oportunidade en bandexa.

Resulta que un día un tal Bob Vickers, xoven executivo admirador de Dostoyevski e tolamente enamorado de Pamela, desafiou a Montgomery a un duelo a puñadas, para el o señor Lengley, “pórtase coma un canalla con esta pobre muller indefensa”. O rebumbio que seguiu a isto tivenos a todos alporizados durante cinco días; mais todo quedou en auga de castañas porque Pamela, que faría calquera cousa con tal de non ver sangue prometeulle a Bob Vickers que consentiría no que el sempre lle suplicara: escapar con el para Rusia ó lombo dun cabalo. Ó escoitar isto a Bob desapareceulle de socato a vea xusticieira e zaxeu o duelo. Houbo moito trato con axencias e moitos préstamos precipitados, e parecía que ó cabo Pamela ía protagoniza-la fuxida definitiva.

Pero chegado o momento de liscar, Pamela non compareceu. Un Vickers choroso agardou durante horas no Kelantan Club, enchoupado en vodka, perxurando a cada momento que o malandro de Montgomery debiera matala a sablazos ou mergullala nun bidón de caucho, afogada. Por fin os amigos, quen, ollo avizor, estiveran velando o horizonte levarono para a casa bébedo e metérono na cama. Ó día seguinte acudiu ó seu despacho coma de cotío con *Los Hermanos Karamazov* debaixo do brazo, e parecía que esquecera todo. A Pamela virona mercando por Betakan Batu, enigmática coma sempre, e dous meses despois apareceu na nosa porta cunha bolsa nova e todo volveu ser coma se nunca pasara nada. Menos para os mentideiros, claro. Ata hoxe non se explican porque deixou a Vickers. Ó que pasaron moitos anos, e despois de amarrar moitos cabos, penso que Pamela optou por saber que carta xogar, a que se ater, e dicir, optou por un posible desenlace trágico pero familiar, rexeitando, xa que logo, un amor de coordenadas descoñecidas para ela. De xunta-lo seu destino ó de Vickers, a Pamela coa que el soñara sempre tería que desaparecer. Tería que vivir doutra maneira, e desenvolver, dacordo con ela, unha personalidade máis desenfada: tería en fin, que aprender a ser —¿que noxo! boemia. A estilosa *men* da plantación quedaría coma unha primeiriza desmañada. ¡Pobre Pamela! e o peor de todo, non había outro modelo de muller a quen seguir que tivera gancho abondo. Ó fin é o cabo, en Betakan Batuxa aínda non se estreara Dr. Zhivago.

Carys Evans.

ela era unha princesiña...

No tempo en que se escribían contos de fadas, de príncipes e de princesas, as princesiñas nacían só pra se compoñeren, estaren do mais fermoso e logo casaren.

Pois nun destes contos houbo unha princesiña que se ergueu contra a autora, porque a quería facer coma as mais princesiñas, e contra seu pai o rei, porque tamén a quería facer coma as mais princesiñas.

Ser era moi fermosa, pro en vez de gasta-lo tempo compoñéndose invertía o tempo nos libros e decía:

—Papá, eu quero ser astrónoma.

—Ai, filliña, ¿Non ves que es unha princesa? —contestaba seu pai o rei—. E as princesas non han de atender mais que a arreglarse e a compoñerse pra casar ben casadiñas.

—É que eu non quero casar, o único que eu quero é ser astrónoma.

—¿Pro ti non ves que as princesiñas non poden estudar?

—Pois soamente casarei se me deixas ser astrónoma e cunha condición: que o home que case comigo atine a adiviña que eu lle poña, pois xa que hei casar ha ser cun home moi sabido —dixo a princesiña, pensando que ninguén había atina-la adiviña—.

—Pois que así sexa —dixo o rei, que xa coñecía o turrón que ela era—.

E así aconteceu.

A princesiña estudou astronomía e medrou sin pensar en casar, ata que un día recórdalle o rei:

—Xa é tempo de casares, ¿cal é a adiviña?

—“Unha cara branca,
de prata e sin cabelos,
vai toda revolta
nos cascabeis dun sombreiro”.

E o rei pegoouno polo reino.

Acudiron moitos príncipes, e labregos, mestres, artesáns,..., pro ningún deu coa adiviña. Uns decían que era un lazo branco, outros que unha cadelinha...

E a princesa, moi leda, a todos lles iba decindo: non, non, non.

Pro un día chegou un home, pequeneiro el e mal feito que non se sabía de onde viña.

Dixo que el sabía a solución.

Foi cabo da princesa e espetoulle:

—É a lúa.

A princesa quedou moi sorprendida de que atinase coa resposta. ¡Ela, que non quería casar, agora iba ter que casar cun home que non sabía quen fose! Díxolle despois:

—Xa que es tan sabedor, adiviñarás outra, ¿non si?

—Adiviño as que queiras.

—Pois ahí van dúas:

“Chego á noite pra pechar
portañas de dúas en dúas,
e fágoo sin avisar”.

“De pel rubia,
barriga rubia,
e sol non é.
¿Que é?

Non fixo mais que oír tales adiviñas o home e vai e dille as respostas ó oído á princesiña, de xeito que só as puido coñecer ela, e aínda é hoxe o día en que non se lles sabe a solución ás adiviñas.

En canto a princesa viu cómo llas atinaba, dixo:

—Xa que es tan sabido casarei contigo.

Pro a princesa, que xa tiña pra si que aquel home non podía ser tal, foi consultar coa lúa astro, que lle dixo quen era de certo e cómo había facer ela.

A princesa calou o conto, e ó que chegou o día do casamento e o cura lle preguntou se quería a aquel home, ela dixo:

—Non, non, non,
que é demo e home non.

E de súpeto o home volveuse un demo negro, de maneira que todos cantos convidados alí había botáronse atrás del pra ver se o pillaban.

A princesa dixo entón, facendo coma quen que estaba moi doída:

—Despois disto, pai, non caso nunca mais.
E non casou.

Sabela Alvarez Núñez.



Kata da Palavra Silvestre

350/65

Maio, 1983